

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 102 * DO 18 AO 24 DE ABRIL DE 1980 * 40 PTS.

FERROL: MENOS PROMESAS, MAIS EMPRESAS




Foto: ALBAN

"COSTA LUGUESA" VIA LIBRE A UNHA DESFEITA (e 2)
AUTOPISTA: O AXUNTAMENTO DE VILABOA XOGA COS INTERESES VECIÑAIS
MILLADOIRO, unha saída á música tradicional
Euskadi: Nafarroa, unha filla diferente
Liberia, nada está tan "seguro"

AS "NORMAS" DE QUIROGA

Saíron outras "Normas lingüísticas" máis, as da Xunta de Galicia. Durante dous días seguidos, varios dos periódicos diarios de maior difusión do país publicaron o seu texto completo após ter Quiroga en persoa ido recomendalas. Seica o comentario veu sendo este: "Y el encabezado me lo ponen en gallego también, ¿eh?"

Non ia menos a "recomendación". Que xa se sabe que o bilingüismo de certos periódicos consiste en meter os títulos en español, os textos tamén en es-



quen non puido pasar por outra e, saltando por enriba de todo tipo de "buenas formas democráticas", falou, por un día, como quixera falar sempre.

Si señor, Fernando Sagaseta, diputado de "Unión del Pueblo Canario", dixo que "Aquí no hay más que un trivlizador del problema, es el conjunto de la capa social que todos los días trivializa si propio matrimonio, que todos los días hacer uso de otras formas de realizarse eróticamente. Son los que pueden hacerlo... porque son, en su inmensa mayoría, parásitos sociales, y porque tienen medios económicos para prostituir a muchas de nuestras mujeres... Y estos dicen no... porque están viviendo deshogadamente, poligámicamente, los señores de UCD, en su mayor

parté y...". "Y..." a barafunda foi digna de verse. O presidente da Cámara pediulle que retirar o que dixerá, e os deputados da UCD a berraren "Fuera, fuera...".

E que tamén.. ¡A. quen se lle ocorre mentar ás "ilexítimas"

nunha sesión do Congreso!. Entre "caballeros" diputados...

Polo que parece, houbo unha señorita, ministro ela, que lle debeu tocar moi perto, que seica dixo que "Es un fantasma, que no tiene derecho ni a ser escuchado".

Si, "unha pantasma que recorrer o mundo...".

DECIR O QUE "UN" QUER

Outros dous dos cativos na Embaixada yankee de Teherán veñen de declarar que aquilo non era máis que ca un niño de espionaxe. E van... Pero, que non se diga, o Departamento de Estado dos USA teñen un "Grupo Especializado na Crisis Irani",

e un portavoz xa lle saíu ao paso deseguida. "La Voz de Galicia" recólleo: "El portavoz habló de los rehenes como personas "sujetas al angustia mental de los prisioneros" durante un largo período de tiempo y expresó su creencia de que los militantes están en posición de hacerles decir prácticamente todo lo que ellos quieran para su propaganda". Do que o "Portavoz" deduce que "...las declaraciones... viniendo de personas en cautiverio legal durrante cinco meses, son "difícilmente creíbles".

O que é difícilmente crível é que aínda lle fagamos caso ás "explicacións" do Pentágono... Pero xa se sabe. Moitos anos amarrados á "angúria" mental dos "medios de comunicación"...



IMITACION, AO FIN

Luis Moure-Mariño, falanxista "viracasaca", como dirían os portugueses, esta especializado en sere a "El Ideal Gallego" e outros periodicos "regionales", un pouco o que Augusto Assía é a "La Voz de Galicia", salvando distancias e "maxistérios" recoñecidos mesmo via homenaxes madrileños. Esoutro día, escribía Luis Moure-Mariño en "La Región" algo no que falaba da Celulosa, esa "bendición del cielo" tan deostada por "los de siempre"... E disto trata precisamente: "En Galicia se desató una lamentable campaña "politizada" y por lo tanto envenenada; en la que grupos de chavales y de otros que no lo eran, gritaban "celulosa non". Sería curioso preguntar a tales vociferantes si sabían en que es y para qué sirve la celulosa. (Creo que no tenían idea de nada y de lo único que trataban era de "armar barullo"...).

Perdón. A única manifestación que acordamos na que a xente parecía non ter idea de nada ao respecto, fora aquela que montaran os señores da COSA (¿lembrañ?), movilizandobuses, montes e moreas, ao berro de "Celulosas sí". (Na que, por certo, non berraba ninguén).

Pero ao fin e ao cabo, o "politizado" escrito de Moure-Mariño demostra que sabe ben o que di. "Los que mandaban manifestarse, esos si sabían lo que querían".

¡E tanto! Como que, na sua dobre versión de Gobernadores Civís, os "señores da COSA" proibían as manifestacións anti-Celulosa.



pañol, e de cando en vez, algún (texto) en galego.

POR NADA NON HAÍ UN DUELO...

Como estaba previsto, a UCD levou adiante o seu proxectode lei de "Divorcio". Houbo



Dibuxos: XESUS CAMPOS

RADIO TIROLIRO

DIN-DOON!...
 ¡O GOBERNO ESPAÑOL EMITE UN ESTENSO COMUNICADO MANIFESTANDO A SUA INDIGNACIÓN POLA SITUACIÓN COLONIAL DE XIBRALTAR...
 ...NON DÍ NADA SOBRE A DE GALICIA (PALABRA QUE NON)!



SUBSCREBASE A A NOSA TERRA

FERROL: MENOS PROMESAS, MAIS EMPRESAS

A manifestación, que partira dos Cantóns e que despois de pasar por diante "de dous cabalos que aínda presiden a nosa vida", como dixo Claudio, para rematar no estadio, tivo lugar o día 15, no transcurso da folga xeral que se desenrolou na comarca ferrola, incidindo en máis de cen mil persoas, que fora convocada por PSOE, PCG, BNPG, PSG e POG, e apoiada, asimesmo, por centrais sindicais, axuntamentos e asociacións cidadás.

Abria a marcha unha pancarta que decía: "Pola solución a crise da comarca", levada por representantes dos partidos convocantes. Seguían esta pancarta, alcaldes, concelleiros e representantes cualificados de partidos políticos. Logo os representantes das centrais sindicais. A continuación bandeiras e pancartas, nalgunhas podíase ler cousas como estas: "Contra do pacto, por unha industrialización racional". Galicia aldraxada en Madrid, non máis peches nen despedidos no sector. Marco galego de relacións laborais. Apoio a pequena e mediana empresa", etc.

Polos megafonos e altavoces coreábanse consñas unitarias como: Convenios xustos para os traballadores. Postos de traballo na Nosa Terra. A crise ten solución diversificación etc.

A resposta dos asistentes non era moi grande no que se refire a corear os eslogans, ducurrindo case en silencio todo o recorrido.

Obreiros, pequenos comerciantes, asalariados chegados de diferentes puntos da comarca, pese a non haber transporte público, marchaban a paso firme, pero calados. Todo Ferrol estaba na rua, agás dos militares e algun elemento da extrema dereita.

PARALIZACION TOTAL DA COMARCA

A comarca ferrola xa desde

CADRO BRANCO

Tomar conta da gravidade dunha "crise" xerada dende intereses contrarios aos de Galicia e aos dos traballadores foi un paso importante que se traduciu na manifestación do 15 no Ferrol.

"... Unha loita importante, un paso fundamental, pero non abonda para conquistar os nosos obxectivos... non nos creamos que con esta acción vaimos salvar Ferrol... a salvación do Ferrol, como a salvación de Galicia, chegará cando conquiramos a soberanía nacional...", dixo Francisco Rodríguez, representante do BN-PG.

Pola súa banda Anxel Guerreiro do PCG, afirmou: "... Xogámonos o presente e o futuro da nosa querida Terra... hai que esixirle ao Goberno calendario de negociacións concretas..."

"... Ferrol está canso de promesas... hai que negociar co Goberno un plan concreto que garantice un posto de traballo na comarca..." foron os párrafos máis importantes de Rubén Ferreiroa, do PIOG.

Claudio López Garrido do PSG, despois de dar datos respecto a crise galega e a da comarca, dixo: "... Todos os nosos recursos só valen para expoliar máis un pobo colonizado... hai que saber o que pretende o Goberno..."

Pechou o acto Francisco Vázquez do PSOE, quen significou a ... provocación e ocupación da cidade polas Forzas de Orden Público..." así como as manobras do Gobernador Civil.

As palabras tiveron lugar no estadio Manolo Rivera do Ferrol, no transcurso do mitin que puxo fin a manifestación de unhas vinte mil persoas.

REPORTAXE GRAFICO: ALBAN



Unhas vintemil persoas pediron solucións para a crisis da comarca do Ferrol. "Na racionalización está a solución", decían.

a mañá estaba case totalmente paralizada, os obreiros dos transportes urbanos fixeron unha asemblea nas cocheiras as seis menos carto da mañá dónde decidiron non saír.

Tampouco realizaron servizo empresas como IASSA. A meirande parte dos comercios, bares e tendas xa non abriron, só o fixeron uns poucos do centro da capital, que foron cerrando, a medida que avanzaba a mañá. A unha da tarde só quedaba aberto

a tenda de xuguetes "Dido". Nos centros estatais do ensino tampouco houbo clase, e nos privados a asistencia foi mínima. Hai que resaltar o feito de coñecer polo PSOE, Aneiros, en Fene, fora ao colexio do que é presidente da APA esixíndolle a directora que dera clases.

Os bancos foron os sectores máis reacios e anque moitos deles cerraron as portas, seguían traballando dentro. De resaltar e tamén a postura dos empregados

municipais, que a pesares de o axuntamento pedir o paro, seguían traballando, agás de tres, afiliados a ING.

Bastante antes xa das nove da mañá a xente foise congregando no estadio, onde tería lugar unha asemblea, onde se explicou a situación e se formaron piquetes informativos que recorreron ás ruas do Ferrol e comarca repartindo panfletos cun comunicado no que se pedía a xente que se sumara ao paro. Hai que des-

ta-car que ningún destes piquetes protagonizou o máis leve incidente, o que contrasta coas declaracións de membros da UCD, que decían que a cidade estaba tomada polo terror. O que se vían eran as forzas da policía co seu contínuo patrullar en ringleiras de sete e oito furgonetas. Nalgun momento advertiron pola megafonía a que a xente non andivera en grupos de máis de tres persoas.

Os incidentes rexistrados foron mínimos,gracias a cordura popular. Pola mañá detiveron a catro membros de CC.OO cando estaban celebrando unha asemblea cos traballadores de IASSA. Máis tarde serían detidos tamén dous membros do MCG e un do PC-ML, por repartir propaganda e un traballador da CTG, por ir indocumentado. Foron postos en liberdade a tardiña.

"QUEREMOS MAIS INDUSTRIAS E NON MAIS PROMESAS"

A crise da comarca ferrola na amosase coa crise da industria naval que aparece en todo o mundo desde mediados da anterior década. Pero aquí viuse vir e non se fixo nada por remediala.

A economía da xona fixérona depender case exclusivamente de dúas empresas: Bazán e Astano e hoxe a taxa de desemprego está por encima de un 20 por cento, a máis alta do estado, como consecuencia da regulación de emprego (máis de 7.000), dos despedidos de Astano (uns 3.000), e de acabarselles o taxo as empresas auxiliares de Bazán.

Até de agora os obreiros aínda ían cobrando o paro, pero o plano vai rematando, e un tras outro queda sen soldo. Esto inflúe nos outros sectores dos servizos.

"A xente non compra nada, non hai cartos, moitas veces temos que tirar o peixe ou regalalo", decíanos unha pescadeira da

(Pasa a páx. seguinte)

CADRO NEGRO

Tamén no Ferrol e en menos dun ano a sede da ING foi blanco de tres atentados. O último, o día 7, unha pedrada nocturna e fascista que levou por diante dúas lunas. De novo a correspondente denuncia polo manos para que conste...

Edita: Promocións Culturais Galegas S.A.

Comisión de Fundadores: Acosta Beiras, Xoaquín; Fontenla Rodríguez, Xosé Luís; López Gómez, Felipe Senén; Morales Quintana, Xosé Enrique; Varela García, Cesar.

Directora: Margarita Ledo Andión

Redactores e Colaboradores: Xosé L. Corral, Alfonso Eyre,

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

X. M. González, X. Ramón Pousa, Lois Celeiro, Pablo Viz, Paco Arrizado (Lugo), Fernando Franco (Vigo), Suso Piñeiro (Ferrol), X. A. Suárez (O Condado), Vázquez Pintor (Morrado), Ignacio Brisset, F. Cusi, M. Merçe Marçal (Países Catalans), P. Ipa-

rraguirre, Maialde (Euskadi), Xosé Luís G. Labandeira (España), Carlos Durán (Londres), A. P. Dasilva (Porto), J. J. Navarro, Llatzer Moix, Piñeiro, Patiño.

Diseño e Confección: Xurxo Fernández

Fotografía: Brais, Carballa, Fernando Bellas, Xurxo Fernández. Albán.

Dibuxos: X. Marín, X. Maside, A. Sucasas, Fiz Valcárcel, P. A. Estevez, A. Lamela, Alexandro, Loquis, C. Corredoira, X., Xoxardo.

Publicidade: Antonino Torrón Fernández. Telf. 582613.

Redacción e Administración: Troia, 10-1.º - Santiago Redacción: Teléfono 582681. Administración: Telf. 582613.

Imprenta: "La Región, S.A." Offset. C. Quiroga 11-15. Ourense. Dep. Legal: C-963-1977.

Distribución: A Coruña Librería Colón, Telf. 222206. Santiago, Prensa Nacional, Telf. 583456. Pontevedra, Librería Cao, Telf. 855374. Vigo, Distribuidora Viguesa, Telf. 414570. Ferrol, Distribuidora Velo, Telf. 357707. Lugo, Souto, Telf. 213425. Ourense, Vda. de Lisardo, Telf. 230218. Bilbao, Distribuidora Vasca, Telf. 4231933. Barcelona, F. Rafales Artal, Telf. 2433658.

(Ven da páx. anterior)

plaza. Segundo o concellal de abastos, "nos últimos dous meses a venda descende pola metade". De igual maneira se manifestan no sector comercio, no auto móvil e nos bares: "Ou se buscan solucións concretas e rápidas o marremos todos de fame", remataba decíndonos un comerciante.

OS PASOS QUE SE DERON

Desde o 10 de xuño, do 78 andase a facer que se fai. Neste día celebrábase unha marcha co eslogan de "todos a unha" convocada pola UCD, PSOE e PCE, con todos os seus persoeiros a cabeza, así como alcaldes e conselleiros. Durante o mitin púderonse escoitar frases como: "Non é un problema de dereitas nen de esquerdas..." que pronunciou Piñeiro do PCE, ou referencias a "este acto festivo tan extraordinario" na boca de Caamaño, entón alcalde do Ferrol.

Do que parece o programa mínimo suscrito polas devanditas forzas, non valeu para moito e tampouco todos os días son festa.

Daquelas xa era un feito o

despido de 2.000 traballadores de empresas Auxiliares da Bazán.

AO FONDO OS PACTOS DA CASTELLANA

O vinte de xuño do 79 UGT, USO e CC.OO convocan unha manifestación para pedir o cumprimento dos Pactos da Castella.



Francisco Rodríguez "Non vamos actuar de costas a crase traballadora".



Anxel Guerreiro: "Ferrol vangarda da reconstrución nacional".

na como vía única e en desacordo coa actuación gubernamental.

Tamén se crean sociedades ou entes meramente electoralistas e que a única función que cumpriron foi embaucar, tais como CEGEF (Centro de Gestión para Ferrol) ou PIAF (Plan Integrado de acción para Ferrol). A crise seguese agravando, o poder adquisitivo descende día a día, o índice do coste aumentó 15,6 por cento e o salario o 10,4, o desemprego aumenta, o seguro do paro acábase, a xente non ten cartos, os comercios non venden e teñen que despedir ao e, nalguns casos cerrar. En vistas desta situación aos partidos que apoiaron estas alternativas non lle queda outro remedio máis que recoñecer que a vía que levaban non era a axeitada.

"Viuse que as medidas tomadas non deron resultado ningún", decíanos o representante do PSG. Pola súa banda o do PCG decíanos: "Hai que dar unha nova dinámica, facer unha alternativa con feitos concretos e cos pes no chan, nos asumimos a nosa culpa". O PSOE afirma que a folga doa día 15 foi "un acto importante para que o goberno tome conciencia". O BN-PG aclaraba: "Nos nunca participamos xa que era todo unha antroidada, pediamos feitos e accións concretas. As demais forzas teñen que facerse unha autocrítica e ver que tiñamos razón, xa no la están dando, a política que se leva agora é pouco máis ou menos a que estavamos preconizando. A situación actual e consecuencia da agresión colonial e as medidas teñen que vir en conxunto".


CULPABEL O GOBERNO E A PATRONAL

O Goberno e a Patronal están levando ao esfarelamento da comarca e de Galicia. As inversións que fan son meras industrias de enclave. "Na racionalización está a solución", coreaban as xentes.

Por outra banda están impondo uns salários miserentos en aras da crisis. Mentras que o coste da vida sube día a día, o poder adquisitivo óllase todos os días menguado.

Días antes da folga a Asociación de Empresarios fixo un chamamento as xentes donde se lles pedía non apoiaran a folga xa que o capital non ia investir ao ver a conflictividade da zona. Tamén o Sr. Ascaso, da UCD, despois de dicir gratuitamente, como se demostrou, que a convocatoria ia ser un fracaso, facía un chamamento a non participación xa que os problemas se están resolvendo. A situación é moi outra, nos últimos días houbo 37 baixas, 254 suspensións de emprego, 110 reducións de xornadas, 2.000 regulados en Astano e 240 nas auxiliares de Bazán. Todo o que preveí UCD no seu plan é a creación de 169 novos postos.

"Hai que frenar a política




agresiva dos monopolios e a política antigalega do Goberno", foron unhas das palabras de Francisco Rodríguez, con elas rematamos a narración dunha data his

tórica como foi a do 72, e podían rematar tamén os males da comarca ferrolá e de Galicia.

A.EYRE.

o Ensino

Revista Galega de Socio-pedagogía e socio-lingüística



Editada por "PROMOCIONS CULTURAS GALEGAS S.A." sob o patrocinio da "ASOCIACION SOCIO-PEDAGOGICA GALEGA"

SUBSCREBASE DESDE XA!

Ingrese o importe da suscripción anual de 1.200 pesetas na conta 01-500.000-5 do Banco de Vizcaya, Sucursal da Avenida de Buenos Aires en Ourense, por xiro postal, transferencia bancaria, ou talón, indicando seu nome, apelido e domicilio

NO PECHE DA I MOSTRA DE OUTONO

En Novembro de 1979 iniciaba o seu percorrido a I Mostra de Outono de Pintura e Escultura Galega Contemporánea, baixo os auspicios do noso periódico, na Coruña, pasando logo deseguido a Vigo, Ourense, Lugo e Santiago de Compostela. Do se clausurar esta Mostra de Outono 1979 en Pontevedra e non podemos por menos de ofrecer unha pequena reportaxe gráfica que recolla, a pesar das naturais limitacións de espazo, os diversos aspectos da arte que agora se está a facer polos nosos artistas.

Durante o longo percorrido da Mostra de Outono polas vilas e cidades da nosa nación fixéronse unha mancha de actos encaixados a achegar a arte ao noso pobo, leváronse a cabo visitas guiadas para grupos escolares que puideron dese xeito entrar a comprender o facer dos nosos artistas plásticos, subliñouse a fon-

da ligazón que existe entre a Arte, a Comunicación, o Idioma Galego e a Cultura nacional.

A todos cantos colaboraron neste laborioso traballo nacionalista de espallamento da nosa cultura temos que lles agradecer ben sinceramente a súa axuda a apoio, nomeadamente aos artistas que responderon ao noso chamamento, "conscientes da importancia que supón a promoción de calquer feito cultural que se fai na nación galega, na reafirmación da súa identidade".

Nesta Mostra de Outono apareceron, xa que logo, desde os nosos clásicos como Colmeiro, Laxeiro, Torres, Pesqueira, Prego até os máis novos como Sucasas, Lugris, Abelenda, Alfonso Costa, Jorge Castillo, Ubeda, Ruibal, etc., ou escultores como Baltar, Bucínos, Piñeiro, Oliveira, Acuña, etc., que, con ánimo de non esquecer a ningunha se consignan na lista de artistas galegos participantes que segue, por orde alfabética:

mostra de outono



Abelenda
X.M. Acuña
Alexandro
Rafael Alonso
Abreu Bastos
Baltar
Blanco Casal
Elvira Blanco
Bucínos
M. Busto
Caballero
Camaño Xestido
M. Jesus P. Carballo
Victor Casas
Jorge Castillo
Jose Ramon
Castro Couso
Xose Cid
Colmeiro

Comesaña Cobelo
Ramon Conde
Victor Corral
Alfonso Costa
Felipe Criado
A. Datas
Diaz Fuentes
Deside R.
Diaz Pardo
Eiravella
Perfecto Estevez
Suso Fernandez
Elena Gago
Xurxo Fernandez
Alfonso Gallego
García Rivas
Armando Guerra
Amando Gonzalez
Gonzalez Pascual

Huete
Anselmo Lamela
Laxeiro
Lodeiro
Lugris Vadillo
Blas Loures
Mantecon
Ana Martinez Pasarín
Xaquín Marín
Xulio Maside
M. R. Moldes
Xusto Moreda
B. Moreiras
Monroy
Morquecho
Xoan Oliveira
Enrique Ortiz
Pacios
Anton Patiño

Reimundo Patiño
Xose Luis Penado
Aurichu Pereira
Pesqueira
Xoan Piñeiro
C. Pol
Prego
Antonio Quesada
Silverio Rivas
Rivas Briones
Manolo Ruibal
Miguel Saco
Felipe Senón
Anton Sobral
X. Sobreira
C. Sobreira
Alfonso Sucasas
Manuel Torres
Rafael Ubeda

Vidal Souto
Vilanova
Fiz Valcarcel
Xesus Vazquez
Xuxo Vazquez
Vazquez Dieguez
Benito M. Vazquez
Vidal Abascal
Yebra

VILABOIA-PONTEVEDRA AUTOPISTA: O AXUNTAMENTO XOGA COS INTERESES VECIÑAIS



"A corporación local de Vilaboa vén ofrecendo periodicamente aos veciños múltiples e variadas formas de antroidadas que deixan as claras a incompetencia e a práctica caciquil de gran parte da devandita corporación, esquecendo e desprezando os poucos acordos que a presión popular fixo posible".

Esta corporación, está formada por seis concellais que se nomean independentes, dirixidos polo ex-alcalde, o grupo do alcalde con sete concellais -catro de IG, dous independentes, presentados no día polo PTE e un concellal da UCD, actualmente expulsado por este partido.

Con este panorama, os veciños topanse con que seguen sen se solucionar os problemas mais elementais do municipio. Diante da petición feita pola AN-PG de que a corporación se manifestase en contra da Cuota Empresarial da SSA, esta fixo mutis. O mesmo acontece coa utilización do noso idioma ausente en bandos e escritos, a pesares de que o noso alcalde defínese como galeguista. Do mesmo xeito queda sen tratar o problema dos montes en man comun cedidos ao Exército, cesión que provocou a desfeita da economía de moitas familias da zona, etc. etc. E xa o problema fundamental a Autopista do Atlántico, tamén segue sen solucionarse.

Referente a Autopista, e a pesares da presión popular que

obligou a corporación a definirse contra da autopista, os acordos nunca tiveron unha plasmación práctica posterior. "Tentan de desgastar ao pobo para deste xeito gañar tempo practicando a política de feitos consumados". Recollimos de afectados, "pasando por arriba dos acordos habidos cos veciños, dándolle largas as suas peticións e enfrontándoos entre si mediante a política da Concesionaria de dar un trato preferente a aqueles veciños que causen "menos problemas" e sean "máis responsábeis". O que si é certo é que da extensa relación de peticións de servidumes e reposicións plantexadas polos veciños a raíz da mobilización no mes de agosto do pasado ano, non se ten ningunha resposta.

BOICOT AOS VECIÑOS

Así as cousas, o BN-PG promoveu unhas xuntanzas cos representantes das Traidas de Auga e varios alcaldes de barrio co gallo de crear unha comisión de veciños que obligase ás autoridades a resolver o problema dun xeito definitivo. Nembargantes isto non foi posible polo boicot mantido por determinados alcaldes de barrio e pola convocatória dun pleno extraordinario para tratar o tema da autopista xunto do da expulsión dun concellal de UCD cando se estaba a recoller firmas entre os veciños co obxectivo de mandalas a diversos organismos e de esixir responsabilidades á cor-

poración e tratar todo esto nun pleno extraordinario.

No derradeiro pleno extraordinario do 22 de marzo, o alcalde presentou unha proposta con todo luxo de datos e detalles para finalmente concluir que a solución do conflito pasaba pola contratación de dous "asesores técnicos", abogado, arquitecto ou inxeniero, polo axuntamento. Cousa nada difícil de albisar se temos en conta que a súa candidatura foi promovida directamente polo grupo Cies (Centro de Información e Estudos Sociais, formado por abogados, arquitectos, etc.) cujas cabezas visíbeis son o arquitecto César Portela e o abogado Barcia... Non é nada difícil maxinar quenes serían os "asesores"... Doutra banda, o segundo punto do orde do día estaba relacionado cos problemas do grupo IG nos axuntamentos de Vilaboa e Pontevedra, e viña a consistir en apoiar solidariamente ao concellal expulsado da UCD.

A vista dos acontecementos vaise presentar polos veciños (recolléronse unhas 400 firmas) unha solicitude ao axuntamento para realizar un novo pleno extraordinario, onde se lle vai pedir á corporación que se defina sobre as peticións dos veciños, lei de autopistas e en concreto sobre o tema da autopista en relación cos intereses dos veciños.

ALBERTO BLANCO CASAL

crónica política

Agora está quedando ao descuberto a inservíbel e ineficaz política seguida polos partidos e centrais sindicais estatistas respecto da chamada crise da comarca de Ferrol. Limitados a ceremonias de concilio e alianzas co Goberno español (lembrémonos das célebres manifestacións de todos a unha, incluída a UCD, para salvar Ferrol, da firma dos Pactos de La Castellana que avalaron a regulación de plantillas a cambio de absolutamente nada tanxíbel, concreto e boxe verificábel), vense agora na obriga de pasar por unha mobilización e paro xeral, en nome de atacar a política do Goberno e en defensa dos postos de traballo, para lavar a cara e xustificarse ante uns traballadores e un pobo que descobre o fraude na evolución práctica dos feitos.

A convocatória de folga xeral da comarca de Ferrol, así como a manifestación, foi seguida cunha unanimidade chamativa por parte de todos os sectores populares, pese ás ameazas do Goberno Civil e a presenza da forza pública nas ruas e nas entradas da cidade. A escea lembrada, nalguns aspectos, o Ferrol do ano 1972. A manifestación foi a maior da historia da cidade e cunha composición popular interclasista. Significativamente, en consonancia co carácter realmente reivindicativo e de oposición dos acontecementos, as forzas reaccionarias non deixaron de extenuar a súa hostilidade, non so a nivel da Administración, senón tamén a nivel empresarial e das forzas políticas da dereita española. En fin, quedou claro que nesta ocasión, non era un paseo máis.

Foi a primeira vez que o nacionalismo popular prestou o seu apoio, precisamente porque o contido da mobilización era radicalmente diferente ás anteriores así como a súa función de presión real ante o Goberno español. Está claro que, non obstante, este é só un primeiro paso que non vai abondar nen xiquera para que o Goberno mida máis os plans de desmantelamento industrial da zona, dacordo cos intereses dos monopólios e de cara a integración no Mercado Comun europeo. O problema, polo tanto, a curto prazo, vai ser de difícil solución, pero os aspectos máis agresivos do plan de reestruturación do Goberno serán frenados na medida en que baxa mobilización, oposición real, presión continua, por parte das organizacións populares.

Desde logo, a problemática de Ferrol non deixa de ser a problemática xeral de toda Galicia. Non haberá salvación verdadeira máis que na medida en que se supere o marco autonómico e a coerción da legalidade constitucional vixente, isto é, na medida en que consigamos a soberanía nacional. Cuestión da que debemos ser moi conscientes se non queremos apañar con contínuas frustracións e desencantos. Por outra parte, a nivel de conquistas inmediatas para paliar a sorte dos traballadores abocados ao paro, ademais, de para minguar o número dos que xa están nel, todo vai depender moito da actitude real dos que até agora legitimaron os plans do Goberno na zona, actitude que indudábelmente este conece. Axiña vaise saber se, por parte do sucursalismo, foi lavar a cara ou hai unha preocupación máis fonda polo problema. En todo caso, para o nacionalismo a cuestión está en facer operativa a presión e vixilar debidamente a negociación de maneira que baxa un coñecemento obxectivo da evolución do problema por parte dos traballadores afectados e do pobo en xeral.

Namentras o país se debate en moitos e graves conflitos económicos e sociais, asistimos á reformulación do partido do Goberno para darlle unha estrutura "rexional". A reformulada UCD galega aparece como produto do pacto de tendencias de caciquiños que teñen os seus amos en Madrid. E a continuidade da total dependencia política até o extremo de que se repite a división provincial no Comité Executivo, preside un home vinculado a Iberduero, Fenosa, etc, acompañan voceiros de ministros ou ex-ministros ben representativos da política españolista. En fin, a UCD galega, en canto que representa a burguesía intermediaria, non ten capacidade nen necesidade algunha de replantexar realmente a súa política. Non se estremen nen os máis contestatarios dos seus membros a desengancharse dunha obediencia e rastrerismo servis.

CENTRAL

1. Circular Plaza Independencia, 5.
(Frente ao núm. 130 Avda. Camelias)
Teléfonos: 41 60 27 - 42 43 66

VIGO

SUCURSAL

Ronda Outeiro, 281
Zona Conchiñas
Teléfono: 25 99 85

A CORUÑA



SIZECO

MULTICOPISTAS, GRABADORES DE CLICHES,
FOTOCOPIADORAS, CALCULADORAS,
REXISTRADORAS, CIZALLAS,
GUILLOTINAS E MATERIAL ESCOLAR

LIBRERIA

XA

Vila de Negreira, 3
Tlf. 261975
A CORUÑA

resumes

O FUTURO DA FRIGSA

Luns 14, o Presidente do INI ("Instituto Nacional de Industria"), recibirá a Comisión Mixta da empresa Luquesa FRIGSA, comisión formada polo Comité de Empresa, os sindicatos ING, CC.OO., UGT e USO, e as organizacións políticas AN-PG, PCG, PSOE e UPG. Os puntos a debatir irán maiormente arredor da estratexia do INI en canto a reducir perdas (é sabido que o carácter deficitario da FRIGSA é un dos argumentos principais do monopólio ao que pertence), a recalificación dos terreos separación de empresa do devandito monopólio, ou sea, CARCESA, alternativa apoiada dende moitos sectores.

A XUNTA, A SUSPENDER

Supomos que á falla de poder aprobar nada. Desta volta, depois da "Gratificación" dos funcionarios do axuntamento de Lugo, o acordo municipal suspendido foi un do de Ribadeo, sobre incoación de expediente disciplinario ao secretario da Corporación. Polo que parece, na sesión do acordo, astra concellais de dereita votaron a prol do voto de censura.

"NAVAJEROS" NO FERROL

Francisco Carreras, dirixente de CC.OO. e membro do Comité de Empresa da Bazán, resultou ferido na cara, dunha navallada dada por José Martínez Pérez funcionario dos servizos xurídicos da empresa. O dirixente sindical estaba na porta da factoría, na que estaba convocada unha xornada de folga, e demandoulle a identificación ao funcionario, que sen mediar máis diálogo tirou de navalla. A cuestión está posta a disposición xudicial.

NOVA ASAMBLEA NACIONAL DE ENSIÑANTES

O próximo sábado, 19 de Abril ás once da mañá, no Instituto Xelmírez, de Santiago, Xuntárase a Asamblea Nacional de Ensinantes de Galicia, como quedou acordado na Asamblea anterior.

Os puntos que se tratarán son: Cartas de Autodenuncia. Campaña arredor do Día das Letras Galegas. Problemática cara ao novo curso. Dinámica da Asamblea Nacional de Ensinantes de Galicia, durante o presente curso.

A CHOIVA COUTOU A 2 ROMARÍA DA SAIDA DA FOLLA

En Coutorredondo, nas bagoadas que arrodean ao lago Castiñeiras xa se erguían os postos de empanada, rosca, viño. Os xogos populares estaban a piques de escomenzar porque desde a mañán do domingo, día 13, as Asociacións de Veciñón da provincia de Pontevedra acordaran festexar en común o que intitulaban "A Saída da Folla". Pero a choiva era moita e aínda que o bon humor reinaba non cabía moita escola así que os organizadores decidiron suspender a romaría. Os autocares encetaron o descenso e todos ficamos á espera de que o tempo depare mellor sorte cando estas organizacións cidadás volten axuntarse calquera domingo próximo.

O CONDADO

Arbo: expulsión dun concellal de UCD

Cando as eleccións municipais a UCD pediulle a Manuel Pérez Gil que figurase na súa candidatura. E pediullo porque este home ten fama de honrado e prestixio no municipio. O que posibelmente xa non souberan, din, é que non se presta a xogos de mans e que conta con carácter dabondo para oporse a eles. Un factor determinante coídamos, para incluílo nas listas, é a cantidade de votos que podería arrastrar e que de feito arrastrou.

Figurando no número tras na lista de UCD e como independente nela, salíu elixido na compañía de nove mais na mesma candidatura. O resto quedou conformado con dous do PSOE, un do BN-PG e un de UG.

Supomos que parte dos votos conquistados en esixencia dunha incuestionable fidelidade foi elixido terceiro tenente de alcalde e xa que logo formar parte na comisión municipal permanente.

E foi aquí, na comisión permanente, onde xurdiron os problemas. Dentro dunha posibel labouira de lavado de cara en anteriores corporacións propuxéronse na comisión a aprobación de contas que databan do ano 70, en concreto unha do campo de fútbol por valor de 600.000 pesetas a que o señor Pérez Gil negoulle a súa aprobación por con-

siderar que non estaba dabondo clara a inversión, mesma postura adoptou con outra factura de 150.000 ou 200.000 pesetas dun suposto mirador que databa do ano 73 en que, segundo el, non se construíra, aínda que posteriormente lle foi informado de que pertencía a un torreiro da parroquia de Barcelo. E da permanente pasouse aos plenos. En

cantidade de acordos votou coa oposición e en contra da súa candidatura. Así inquiriu nun pleno onde estaban as estanterías dos libros para a biblioteca que costaran 700.000 pesetas e foran xustificadas polo anterior alcalde Jorge Freijanes. Polo actual alcalde foille contestado que os libros seguen nas caixas e as estanterías están no almacén. Igualmente opúxose a idea do alcalde de celebrar o centenario da vila con actos como a entrega de medallas a todos os concelleiros e alcaldes anteriores.

Isto todo trouxo como consecuencia ser dado de baixa como tenente de alcalde. De todos xeitos seguiu a manter o firme criterio e adoptando posturas en cada asunto que consideraba máis racionais e máis ao servizo do pobo.

O alcalde de Arbo foi o home designado pola UCD para fa-

cerse coa Mancomunidade do Condado e astra as eleccións municipais viñera sendo desempeñada polo alcalde de Ponteaes, José Castro -home perto do ultradereitismo, íntimo de Fraga e nemigo de UCD, cuxa xestión tanto ao cargo do axuntamento como na Mancomunidade foi posta en tela de xuício decotío por irregularidades administrativas e o fracasado intento de instalar unha celulosa máis tarde de impor o plan de ordenación do Condado que posibelmente pechaba dentro de si a devandita celulosa. Ao parecer cando o alcalde de Arbo, Hermenegildo Rivero, tomou posesión do cargo a súa función foi meramente de figura decorativa, tanto pola falta de apoio do seu partido, a Corporación non lle desencanta tanto José Castro, como polo dominio absoluto que este tiña sobre todos os órganos administrativos na Mancomunidade. Así as cousas, e diante da problemática xurdida (dous meses sen pagar ao persoal) e a negativa das entidades bancarias a concederlle créditos e as provincias a concederlle adiantos, coa maquinaria parada ou averiada porque os talleres tampouco lle fiaban) e recoñecida a súa impotencia para enfrentarse ao todo poderoso Castro, plantexou de escomenzo a súa dimisión e unha vez aceptada esta convocou un pleno do axuntamento de Arbo co gallo de abandonar a Mancomunidade dun xeito definitivo. De novo a oposición pediu que se estudiara a fondo o asunto e o concellal Manuel Gil apoiou a postura contraria a teima do alcalde.

Diante da postura adoptada por Manuel Gil chega ao axuntamento de Arbo unha comunicación da secretaria provincial de UCD comunicandolle a baixa como membro da candidatura e que entrara o seguinte da lista. Convócase pleno extraordinario o 15 de marzal para tratar este asunto e a oposición non asiste, celebrándose o 17 de marzal a segunda convocatória e asistindo sómentes catro concellais. Acordaron de darse por enterados do contido da carta do comité provincial de UCD.

Parece ser que o presidente da Xunta Electoral da zona comunicoulle que sen expediente previo de expulsión non podería ser cesado e a cuestión pendente e que este concellal non é militante de UCD.

Así e todo, é convocado un pleno para o 29 de marzal e manifesta publicamente que fora enganado pola UCD cando fora chamado para formar parte da candidatura e mesmo chegou a chamarlle traidores aos que o convenceran para que se prestara a este xogo.

Queda agora o expediente en man da Xunta electoral de zona, pero xa de principio os concellais do Bloque, do PSOE e de UG e o mesmo expedienteado publicaron unha carta nos xornais da zona facendo coñecer a súa opinión sobre a actitude do alcalde de Arbo, que consideran que é do máis fiel estilo fascista.

carta entreaberta

Pra cacique non abonda querer selo

Querida Directora

Con esto da democracia que agora din que veu, hai moita xente que xa non pode facer coma antes. Antes era máis doado poñer unha careta de antifranquista testimonial sen mollar as bragas e ir pola vida sentando praza de progresista. Agora, como se pode falar, surxiron certas complicacións. Porque falar, pódese falar, a cuestión é que che fagan caso.

Unha das profesións que máis se puxeron en descuberto duns anos a esta parte foi a de corresponsal de aldea dos periódicos rexionais. Antes eran unha gloriosa institución, e como non se podía falar e todo o mundo o sabía, pois moitos sobrevivían facéndolle crer ó público que "é que non se pode dicir nada, que se non...". E a xente pensaba que se os seus corresponsais de aldea puideran falar, alí ía ser a de dios.

Mais chegou a democracia -chegar, seica chegou- e moitos corresponsais de aldea empezaron a amosar orellas insuspeitadas. Velaí que moitos campeóns da liberdade nas tertulias tabernarias empezaron a coller partido, e oh maravilla!, non era, como puidera parcer polas conversas, o partido do pobo, non era o vermello das clases populares, non era o azul celeste da patria. Qué desencanto! Os campeóns vilegos da liberdade e da xusticia adornábanse a miúdo co marelo e verde do poder, despreciando outras cores antes defendidas no café, á saída da misa, nas mesas da festa maior. A claridade impúxose: as medias tintas quedaban no pasado. Escasos eran os que fuxían da terrible lei da maior comenencia, complementaria do principio do me-



nor esforzo.

Tal coma o de Cospeito, miña tribu, que sempre se preciera de progre e esquerdo, e que agora se invirte en meterse con meu tío Claudio e con meu irmán Daniel. E non é porque señan da miña familia, claro: máis ben trátase dun contencioso político, porque o Claudio é concellal do Bloque e presidente das Comisións Labregas dalí, e porque o Daniel é o responsable da AN-PG.

A última foi que, cando se tratou dunha moción contra os embargos, o Elías de Portas, o Ricardo da Inés e outros quince ou vinte das Comisións Labregas foron á sesión do axuntamento. E resulta que os municipais da dereita españolista e reaccionaria votaron a favor da moción do Bloque todos, e non polas ganas que tiveran, segundo se colixe porque un deles, que é deputado provincial, votara moito ó revés había uns días, como o atento lector de A NOSA TERRA pode saber.

Segundo o Fidel -que parece mentira que sendo tan novo seña tan carca- aquilo non foi democracia senón coac-

cion. O Fidelito sempre che foi un rapaz moi listo con cultura de / Diccionario Abreviado Espasa-Calpe. Segundo el, cacique é o que ten moito poder nunha vila ou lugar, e por eso el non o é, porque é só un cidadán de a pé respetoso das leis. E neste, anque seña qui tarlla ós meus compañeiros de Cospeito, teño que darlle a razón: certo, Fidelito, tu non és un cacique. Pra ser cacique non abonda con querer selo.

Evidentemente, o corresponsal do "Progreso" na miña tribu é como máximo un aspirante. / É momento é só un señor que manda a crónica das festas das aldeas, e en vez de facer a crónica como está mandado, fainas coma as da alta sociedade das revistas do corazón. De cando en vez clama pra que Cospeito teña guarda municipal con uniforme de gala, fai os ecos de sociedade, das "peticiones de mano" e varias lindezas máis. Mentras anda con eso, está moi bonito e astra dá gusto velo. Pero cando se mete en alturas políticas, cita a constitución e pretende dar leccións de democracia ós nacionalistas, entón xa se lle conoce que está moi amigo de certos señores que pra outra reserva, porque a fauna da miña tribu, por típica e aínda paradigmática -colla o Espasa, señor Fidelito- merece máis ca un tratado. Pra andar polo mundo fai falla máis alforxas (e nunca millor dito) das que o corresponsal da miña tribu leva. E pra ser cacique non abonda con crese grande xornalista e xenio das letras españolas, nen facer poemas cursis e novelas ó estilo de Corín Tellado. Mais pra criado de caciques, chégalle ben.

DARIO XOHAN CABANA

Milladoiro é un grupo formado a comezos do 79. Está composto por sete membros que proceden de tres facetas de música diferentes.

Moncho García, Nanelo Casal, e Pepe Ferreirós, supoñen a inxuedanza por respetar as formas tradicionais, proceden dos gaiteiros "Faiscas do Xiabre". Rodrigo Romani e Antón Seoane foron membros do "Movemento Popular da Canción Galega". Laura Quintillán e X. Antón Méndez veñan da música clásica.

No ano setenta e oito xa varios componentes do actual grupo grabaron o disco titulado "Milladoiro". Agora remata de saír "A Galicia de Maoloc".

Segundo Antón Corral, investigador de instrumentos folclóricos e director da Escola de Gaitas de Ortigueira, Milladoiro é "a música galega".

MILLADOIRO

unha nova saída á música tradicional

Milladoiro está formado por músicos procedentes de tres correntes distintas, por decilo de algunha forma. ¿Qué foi o que vos levou a xuntarvos?

As motivacións da nosa xuntanza foron de tipo musical e de tipo ideolóxico. O que nos levou a música a moitos de nós foi a cuestión ideolóxica e por aí, tamén, entramos a música tradicional. Por suposto que ao facer unha música tradicional renovadora necesitábase a base tradicional que representaban Faiscas do Xiabre, pero iso non bastaba, senón que se necesitaban tamen o ar europeísta que representaban Romani e Seoane, e xuntouse tamén Laura e Méndez, un pouco co afán da perfección musical aportando tamen a súa contribución da música clásica e a maneira de tocala aplicando a música tradicional, dando así un ar novo ao grupo que veu a cumprir unha área que estaba deserta na música galega.

Alguns de vos fostes integrantes do Movemento Popular da Canción Galega. Analizade desde a lonxanía do tempo que nos separa o que significa isto.

Evidentemente hai que diferenciar dúas cousas, a influencia de tipo ideolóxico e a de tipo musical. No senso musical a influencia foi máis ben nula, xa tiñamos o camiño marcado e non tiñamos máis que perfeccionalo. Así e todo houbo unha influencia mutua ao potenciarnos entre todos e percurar encontrar en que país estabamos, cal era a música que faciamos e a que xente tiña que ir a nosa música, a música dentro dun contexto nacional galego, que era a que pretendiamos facer nos.

Os que vides da música clásica, ou do que vulgarmente se chama "música culta". ¿Cómo vos encuadrades, esta parte, dentro da música galega que se fai hoxe?

Todo tipo de música clásica ten as súas raíces no folclórico. Aquí estamos respondendo a un tipo de necesidade que é reivindicar a música popular galega con carácter de urxencia, e non saberíamos decir que traballo é mais importante.

Por outra banda non se pode esperar que unha música clásica naza dun señor que se senta nunha mesa isolado, que só do seu meollo vaia saír unha obra clásica. Toda a música clásica tivo o seu fundamento na música popular.



Foto: XURXO FERNANDEZ

A xente procedente da música tradicional, os gaiteiros, chegastes a esta música que chamades renovadora...

O estar metido dentro dun grupo de música tradicional coartate en gran medida. Nós o que pensabamos era en ampliar moito máis ese campo da música tradicional. A maneira de facelo non era cambiar de estilo, xa que nos nunca cambiamos de estilo nen renegamos do que estabamos facendo, senón que é un pouco intentar unha nova saída a música tradicional. Esta nova saída xa láta no grupo Faiscas moito antes de coñecer aos outros componentes de Milladoiro. Digamos que esta saída era unha continuación lóxica dentro da música tradicional.

¿A música que estades a facer agora vai en percura doutros camiños ou xa encontrastes o que iades buscando?

Nunca se chega a ningures. A liña que estamos levando agora non vai a ningún lado, senón que é o que é. Nós non imos buscando un final maravilloso donde todo sone perfectamente. Ofrecemos a música de cada momento histórico que vivimos cos instrumentos que sabemos tocar, e por suposto, tendo en conta no país que estamos e ao que pertencemos.

Non é unha busca a percura dun fin concreto, senón que se materializa cada día dun xeito concreto segundo as capacidades

de cada un ao dominar certo instrumento, da inspiración, etc.

Non imos buscando a liña final, a meta concreta, xa que non existe. Nos non evolucionamos porque nos propoñamos evolucionar, isto é moi malo ensenándonos a experiencia que só conduce ao desastre.

No fondo do noso traballo hai a reivindicación dunha saída para a música tradicional. Pero non se pode edificar nada se non hai uns cementos fortes, e a música tradicional faltanlle escolas e fáltalle o desenvolvemento da nación galega. Se non se crean escolas, se persiste o colonialismo, nunca chegaremos ter un punto de referencia verdadeiro no que cifrar o noso traballo. Por iso, a vez que reivindicamos unha música nova, unha nova saída ao folclore, reivindicamos tamén que se crien escolas e que se potencie a música tradicional, pero este xa non é un problema musical, senón político.

Andase por aí a falar do "Fenomeno Celta e do Atlántico..."

Todo o problema da "Música Celta e a Atlántica" son "booms" inventados polos circuitos comerciais como unha maneira de vender. Iso do Atlántico soa ao Mediterráneo que inventaron os cataláns. Nos o que pretendemos facer é música galega.

Agora ben, o que non negamos, pero tampouco o facemos patente nun primeiro plano, como o querían facer algúns, é a influencia que uns países irmáns

como Bretaña ou Irlanda, tiveron ou teñen no noso desenvolvemento cultural. Do que estamos en contra e dos inventos comerciais e dos "booms" criados polo consumismo.

¿Cal é a aportación que fai este disco "A Galicia de Maoloc" a aquel primeiro chamado "Milladoiro"?

O Disco Milladoiro foi un intento do que saíu neste disco, estabamos buscando nel un pouco a semente do que é a Galicia de Maoloc, que aporte de novidade un achegamento a música tradicional.

Están a rifar algúns se a vosa música é ou non folclórica galega. ¿Vos que decidides?

Isto debían de contestalo Portela, os Hns. Garceiras, Corral... toda esta xente era a que tiña que responder se era folclórica, se non o era, ou do que se trata.

Se entendemos o termo folclórico ben entendido, non no senso que lle deu a Sección Femenina, por exemplo, facemos folclore e facemos folclore galego, non o que está feito polos músicos tradicionais, senón que percuramos que o folclore sea unha cousa viva, unha cousa que se vaia facendo diariamente e pouco a pouco.

A música tradicional desenvólvese nuns circuitos que non

son os propiamente comerciais. Agora que estades inmersos nestes circuitos, ¿qué imposicións vos fan e que representa "Ruada", como esa galega, dentro deles?

Nos pensamos que os circuitos comerciais galegos non ofrecen nada, como tampouco o ofrecen os de fora. Está claro que segundo está isto montado os que levan unha casa de discos teñen que ser uns capitalistas, o lio plantexase nun país como o noso cando se quere compaxinar o que é unha industria capitalista que vende produtos a unha xente cun poder adquisitivo ben pequeno, con seguir lanzando estes produtos.

Nos estamos contentos, non agradecidos de que haxa un selo galego, e pensamos que a xente de Ruada lle debe pasar o mesmo.

Ruada pódese decir que é unha boa iniciativa da burguesía galega. Nos somos os proletarios da música e estamos destinados a liarnos con eles pero polo de agora podemos vivir xuntos logo... tomaremos Ruada ao asalto (ríndose).

Nos sabemos bastante ben no país que estamos, e que non podemos pedir cifras astronómicas pola nosa actuación, agora, xa o que non parece ben e que, por exemplo a Rafaela Carra lle paguen en Carballo oitocentas mil pesetas e a nos só trintamil.

Vos estivedes na Estrada, alí patentizastes, coa vosa presenza e coa vosa música, xunto con todo o pobo a oposición ao Decreto de Bilingüismo. ¿Como pensades que a vosa música se inserta na toma de conciencia nacional?

O estar na Estrada era un deber de patriotas galegos e tamén de músicos, xa que pensamos que se nos matan a lingua nos matan a raíz de todo o noso pobo, e, por ende, o folclore. Era unha obligación patriótica o estar ao lado dos que neste país loitan por uns intereses moi concretos, como é o autogoberno e a liberación nacional.

Por outra banda, reivindicar o noso idioma é parecido a reivindicar unha muiñeira ou unha pandeirada esquecida, ambas formas son loitar ao lado dos que o están facendo no eido da cultura, ou do traballo.

O espello no cal nos miramos en Galicia aínda está rachado, nos queremos aportar os cachos que lle faltan no eido da música, para así dunha definitiva vez podamos decir:

¡Os galegos somos iso, GALICIA!

ALFONSO EYRE



"DIA DA TERRA PALESTINA"

Co gallo do "Dia da Terra Palestina" o BN-PG artellou, xunto coa OLP, unha exposición iconográfica, o pase de dúas películas amais dun mitin, actividades que se realizaron no fin de semana pasado na Coruña.

No mitin, presentado polo concellal e deputado provincial da coalición nacionalista Cesar Pintos, interviron Francisco Rodríguez, de UPG, que se referiu a situación política actual e a necesidade da soberanía nacional, entroncando o significado da "Terra Palestina" co do "Dia da Patria Galega". Manuela Fraguera, pola AN-PG, foi describindo o contexto no que se desenvolveu o 25 de Xúlio, desde o 1977 para dar paso, seguido, ao director adxunto da OLP no Estado español, Ahmed Sobeh quen despois de reseñar os datos fundamentais da situación do pobo palestino a nivel histórico e a formación e obxectivos da OLP, centrouse especialmente nos acordos de Camp Davis encabezados por USA xunto con Israel e Exipto e contestou a autonomía para os territorios ocupados, que os mesmos se serviron.

REPRESION LINGUISTICA NO ENSINO MEIO

O pasado luns, día 14, setenta militantes de ERGA levaron a cabo un peche para protestar contra as represións exercidas sobre varios alumnos dos Institutos de Ourense, A Coruña, Carballo e Pontevedra polo emprego do noso idioma. En Ourense, a dirección do centro e a xunta de profesores, agás de dous membros da UTEG, sancionaron a un alumno prohibíndolle a entrada nas clases porque segundo a mesma dirección "daba malas respostas". Dos alumnos que se solidarizaron co seu compañeiro, 80 deles foron tamén sancionados. Doutra banda, no instituto da Coruña o profesor de Literatura Española, o sr. Marin, aquel que noutros tempos tiña o seu persoal servizo de orden con brazaletes, suspendeu a un dos seus alumnos por falar galego na clase. Diante desta medida, os alumnos conseguiron que se convoque un tribunal para examinar ao alumno. En Carballo, a profesora de matemáticas, amais de negarse a dar as clases en galego, cando que un 90 por cen é galego-falante, ridiculiza o feito de empregar o noso idioma. E mesmo en Pontevedra, dous alumnos do instituto foron ameazados de sanción polo mesmo feito. A sanción non se chegou a producir pola presión exercida polo resto do alumnado.

Diante desta situación, prodíronse peches en Santiago e unha folga de fame no Instituto de Ourense levada adiante por dous membros da dirección nacional do sindicato estudiantil, a nai e mais o rapaz, astra que a policía os desaloxou.

"MARTIN VILLA, O BIERZO NON E CASTILLA"

RICARDO L. TEMEZ, PONFERRADA

O Bierzo xa non é terra de ninguén. A indefinición acabou-se por obra e gracia do señor Martín Villa, ese señor de Leon experto en represión, segundo definición dun deputado do Parlamento español. Da noite para a mañá, UCD decidiu a integración da provincia de León -- e polo mesmo do Bierzo como parte dela -- no ente preautonómico castelán-leonés. Moito antes, cando a discursión primeira do Estatuto Galego, o propio señor Martín Villa encargouse de pecharlle as portas á posibilidade de que neste sistema político o Bierzo pasase administrativamente a formar parte de Galicia.

Agora rematou a xogada co aplauso da esquerda leonesa, que viña propondo desde tempo atrás a integración de León en Castela. Quérese matar así dous páxaros dun tiro: a "Rexión Leonesa" entra en Castela e o Bierzo perde a posibilidade de ser, no seo do sistema actual, provincia. Se cadra a quinta provincia galega da que tanto se falou en tempos e que de feito xa fora antes da desafortunada reforma de 1833. Sobre as moitas razóns polas que o Bierzo "tira a Galicia" hai xa sobrada historia e literatura, igual que sobre a vella aspiración de recobrar o perdido status de provincia. O Bierzo non ten conciencia colectiva deste feito, pero o rexeitamento de León en canto que centro das aldraxes sufridas, onte e hoxe, e unha constante popular arraigada. Como Galicia, o Bierzo é en todos os sentidos terra colonizada e asoballada; ese é un feito de sobras coñecido e xa explicado algunha vez nestas mesmas páxinas (Ver A NOSA TERRA, número 8). En resume, como din as pintadas que enchen as ruas de Ponferrada, "o Bierzo non é Castilla".

CONVIDADO DE PEDRA

Na polémica León só ou León con Castela, o Bierzo vén sendo un convidado de pedra. Desde un principio, o PCE propuxo a unión de León con Castela, igual que os partidos á súa esquerda. O PSOE pronunciouse primeiro por León só e despois por León con Castela, en tanto que UCD mantíña o seu silencio ástra ben poucos días atrás. Na discursión e no debate apelouse máis a razóns sentimentais de todo tipo que as realidades económicas históricas e xeográficas. Os insultos estiveron a orde do día, e mentras algúns decían que a entrada de León en Castela formentaría o "centralismo de Valladolid", os outros argumentaban que León só convida a unha provincia de réxime común ao marxe do tan louvado estado das autonomías. Pero se eso é polo que a León se refire, o caso do Bierzo é historicamente distinto. En certa ocasión, un dirixente do PSOE local chegou a recoñecer en privado que a mellor solución para o Bierzo sería a súa conversión en provincia para logo negociar a

entrada no ente autonómico que máis ofrecera. Nembargantes, engadiu, "o PSOE non pode defender esa vía mentras non exista unha conciencia popular". E outros dirixentes políticos, con máis fraca memoria, parecen esquecer ao pé do "manifiesto berciano" no que se pedía que o Bierzo volviera ser provincia.

DIPUTADOS DE ESPAÑA

O Bierzo, a zona máis rica da provincia de León, é tamén pródiga en grupos políticos. Aparte os partidos estais existe un Partido do Bierzo (PDB), legalizado, e un grupo que funciona a nivel municipal -- dous concellais e case dous mil votos nas pasadas eleccións -- chamado Independentes do Bierzo (I.B.). A pesar de que agora forman frente común, a súa visión da cuestión berciana non é a mesma. Mentras o PDB propugna León só cunha diputación para o Bierzo, os independentes loitan por unha provincia do Bierzo, o que lles val ser titulados de "autopistas" por dereitas e esquerdas estatais. Eles responden sempre "que loitar por nada non paga a pena".

Hai poucos días, os deputados do Bierzo un do PSOE e outro da UCD, foron chamados pola emisora local para explicaren a integración de León -- e do Bierzo -- en Castela. A pregunta ¿vostede é deputado do Bierzo ou de Castilla? o señor Fernández Arias (UCD), nado no Ferrol por máis señas, dixo que eles eran "diputados de España", tan orgullosos coma se fora don. Blas Piñar. E logo engadiu que "se tivera que falar co corazón diría Bierzo só". Mentras, o PSOE dí que a integración de León en Castela é a única posibilidade real, anque postos a falar de "posibilismo" calquera sabe que un consenso UCD-PSOE -- aos que nos teñen tan afeitos -- faría posíbel, con determinada interpretación da Constitución, a provincia do Bierzo. Son ganas de enganar á xente e escorrer o bulto. No fondo, parece que nen a UCD nen o PSOE lles gustan da utopía da "Provincia do Bierzo", como eles din cheos de "realismo".

A cuestión está arrodeada do silencio informativo da prensa leonesa e aínda da emisora local. O Bierzo fará o que lle convén a León e ao señor Martín Villa, entre o desinterés de uns e a miopia dos outros.

A provincia que xa debería ser, como dixera en certa ocasión Celso Emilio Ferreiro, vaise converter entramentras nun soño cada día máis lonxano.

CANGAS

e valaí veñen as festas do vran

Nos días pasados fomos convidados a unha xuntanza coa Comisión de Festas que neste ano vai tentar levar adiante o artellamento das sonadas festas do Cristo en Cangas.

Os da Comisión, xente moza que compoñen o fato OS DE SEMPRE e que xa tomaron parte activa nas pasadas festas do antroido, déronnos un longo e exótico programa de cara as datas da derradeira semana do mes de agosto e a primeira do mes de setembro. "Queremos que as festas sexan do pobo, que teña participación toda xente, que sean noveiros, que non falle nada..." E abofé que se cumpre o programa exposto haberá para moitos, non se sabe se en calidade, pero en cantidade si que vai haber.

Nós, desde o añaqueño de Galicia que é Cangas, botamos moito de menos que os actos en programa non sean máis abundosos en galegitude, anque, segurado os organizadores, nada vai faltar da nosa Terra, desde o teatro, música, danza, carteis, programas, etc, etc. E decimos o da galegitude coa dúbida de que na mistura de que se tenta facer con: corridas de touros, encerrros, fanfarrías de donosti, bandas do país valecián..., o noso xeito nacional fique nun segundo

do lugar. E isto decímolos hoxe para non ter que crítico despois, se se dera o feito.

A banda máis positiva parécenos aquela na que se tenta da recuperación das artes, dos xogos, dos deportes populares que foron nun tempo maioritarios e que hoxe están sen valemto, unha abondosa exposición artística do Morrazo, campeonato da "chave", traífeiras... Deportes é xogos que aínda están na memoria dos vellos e na aceptación de todos.

As festas darán comenzo cunha grande romaría galega a carón da ermita de san Roque e rematarán o día seis de setembro. Tense pensado adicarlle neste ano os festexos á xente de Cangas que vive lonxe da vila; a emigración terá pois cumprida presenza nesta adicatória.

O presuposto vai moito alá dos tres millóns de pesetas e aínda así téntase non gravar de máis as economías dos veciños, que terán toda a información das festas nun programa-revista que será entregado en man por todas as casas.

Nós, desde a primavera, con tempo aínda para facer e refacer, desexamos que os festexos sean bons e proveitosos para todos.

PINTOR

NIGRAN

A xordeira do Ministerio

O ensino en Galicia tópanse con grandes atrancos. Os anos van pasando e a situación dos rapaces non millora. O colexio Vilameán, en Nigrán, cinco kilómetros de Baiona, é un claro exemplo da inoparancia do Ministerio.

Cando unha dos 34 mestres que dan clases ao milleiro de rapaces que acuden ao colexio, tivo que ausentarse por motivos de saúde, e despois de serlle concedido o correspondente permiso pola delegación do MEC, os seus trinta e catro alumnos quedáronse sin clases. A delegación do Ministerio non manda sustituto, poñen tantas trabas que os mestres e mesmos os pais dos rapaces celebran unha xuntanza de cara a buscar unha solución ao problema. E así, unha representación dos pais e máis dos mestres vaise a Pontevedra tratando de falar co delegado. Nembargantes voltan coas mans valdeiras. Na delegación do ministerio limitánselles a dicir que como teñen un curso de sexto feito de forma especial, que o desfagan e o profesor que queda libre que ocupe o lugar da mestre, e sinón que sean os mestres quen busquen a solución que lles permita aos nenos seguir recibindo as súas clases".

Despois veu o Inspector, e falando coma un libro aberto, dixo que "como son trinta e catro mestres e mil rapaces, sobran, xa que logo, catro mestres. Entón artellado vos á... De feito, os mestres chegan a un acordo e mandan aos rapaces para as súas

casas. A razón: non hai mestres para impartir clases.

En vista de que non se topa unha solución factíbel, e o tempo pasa, os profesores chegan a un acordo, co descontento da Delegación, pero que ven a resolver dun xeito momentáneo a falla de mestra.

O director do centro, Humberto Juanes Fidalgo fai algun tempo que presentou a súa dimisión. Foille aceptada, e despois de facer as votacións os mestres resultou novo director de Santiago Coello Blanco, e o cal vai ocupar o cargo vacante a partir do mes de abril, xa que o antigo director tivo que traer personalmente de Pontevedra a súa dimisión aceptada, pois hai moita xordeira na capital pontevedresa.

Deste xeito, o antigo director pasa a ocupar o posto da mestra que está de baixa para que os nenos poidan seguir o curso, xa que non se sabe con exactitude canto tempo vai tardar en voltar ao colexio. Nembargantes, o colexio non ten director..... Vendo isto, xa non sabemos o que van ter que facer os mestres dos colexios, pois por moito que protesten, que falen ou que tenten de clarexar as cousas é falar cun xordo, que somentes escoita o que lle convén. E, dende logo, a política do ministerio está dabondo visto que somentes o beneficia a él mesmo.....

Severino Cardeñoso.

BRENS E CEE O proceso de transformación orixinado pola industria

A industria leva consigo un proceso de transformación e unha incidencia sobre a paisaxe e a actividade do home; isto podémolo observar en dous núcleos de poboación de diferentes características e que evolucionaron dentro deste proceso dunha distinta maneira: Brens e Cée.

A primeira e unha parroquia do municipio ceense, que fai un século basaba a súa actividade no agropecuario fundamentalmente, hoxe isto é secundario convertíndose no principal a industria, debido a unha fábrica ubicada na parroquia desde o 1903. O cambio que sufriu a parroquia afecta pois sobre todo a actividade da poboación que ven a converterse en simbiótica, aínda que hai outros aspectos de incidencia da industria a ter en conta, así a morfoloxía que presenta o habitat e a tipoloxía das vivendas.

O progresivo abandono do sector primario maniféstase hoxe moi claramente no porcentaxe de poboación activa repartido nos tres sectores básicos, así temos:

- Primario: 5,49 por cento
- Secundario: 73 por cento
- Terciario: 20 por cento.

Se o gráfico en lugar de referirse a poboación total, diferenciamos por sexos, observaríamos como nun 80 por cento do total da poboación feminina adicase ao traballo agrícola e gandeiro (completándose) que ven a ser o complemento a actividade industrial a cal caseque está acaparada polo home, cabeza de familia, e que emprégase na Fábrica de Carburos ou na construción. A primeira, absorbe a 184 homes (42 por cento da poboación activa da parroquia) que tamen representa ao 1/3 do total dos traballadores que emprega a fábrica.


A INDUSTRIA A BEIRA DA RIA

A industria neste caso de Brens, non está provocando un desplazamento do home habitante da parroquia a outra área de concentración industrial pero trae outros inconvenientes, como é que a fábrica este ubicada a beira da ría (lugar axeitado para recibir por mar as materias primas para o proceso de fabricación e para exportar os produtos semielaborados ferro-salicio e ferro-manganeso) e polo tanto a contaminación da praia -hoxe inexistente e que noutros tempos fora sitio de recreo dos parroquianos. Isto trae como consecuencia que os habitantes de Brens han de desplazarse uns kilómetros para disfrutar no vran dun tempo de ocio.

A actividade complementaria, a agricultura, na parroquia segue coas mesmas técnicas de fai moitas décadas, con pequenas innovacións, como son a utilización do tractor para o labradío, que ten pouca facilidade para o seu uso debido a gran parcelación existente: leiras moi pequenas que na maioría dos casos son traballadas co arado tirado polas vacas. A gandeiría está pois en función da agricultura, aínda que nos derradeiros anos apareceron algunhas vacas frisonas ou suizas para leite, que en moitos casos acaban por traballar na "terra" e consecuencia disto rematan coa súa alta produción de legumes e cereais de autoconsumo e nalgúns casos produtos hortícolas que ademais do consumo propio teñen venta no mercado do núcleo limítrofe: Cee.

ABSORCION DAS PARROQUIAS LIMITROFES

Dentro desta actividade simbiótica hemos de ter en conta un grupo da poboación que unicamente é secundario, e que no 80 por cento dos casos son inmigrantes, desplazados a parroquia para traballar na fábrica, e outro grupo moito



máis reducido que se adica a actividade terciaria, concretamente, o comercio, moi pouco desenrolado debido a absorción que fai Cee sobre as parroquias limítrofes.

O proceso de transformación de Cee desde un núcleo rector municipal con carácter de mercado e feiras fundamentalmente a un núcleo que se está convertindo en cabeza de comarca en moitos aspectos, non ven dado unicamente pola "fábrica", ou pola industria aínda que esta sea factor clave para explicar a evolución.

Cee conta con un mercado diario pero sobre todo ten importancia o dominical, punto de reunión para os veciños de todo Axuntamento e outros limítrofes (hoxe co moita polémica estase replantexando a posibilidade do cambio a outro día a semana por parte dalgún dos sectores implicados).

A feira, que se celebra o segundo domingo de mes, é un factor de concentración da poboación para tratar a compra-venta de animais pero non ten unha moi grande importancia salvo o porcino, pero se a ten polo feito de que neste día a afluencia de paisanos con outros produtos do campo é maior, e deste xeito o comercio e os lugares de esparcemento con gran movemento e proliferación.

O Ensino: o feito de que en Cee existise un Colexio (Fundación Fernando Blanco) desde fins do século pasado trouxo consigo un maior desenrolo do ensino, e a afluencia de estudantes de toda a área de Fisterra a Cee; así hoxe contase con dous centros de EXB, un Instituto e un Centro de Formación Profesional, estes dous inciden nun determinado ambiente de "xuventude", que acentua a de por si poboación xoven do núcleo ceense.

CEE, E O PROBLEMA DA AMPLIACION

Os factores vistos astra aquí xa existían, aínda que actuaban sobre un porcentaxe de poboación moito menor, (Cee en 1900 só tiña 1.100 habitantes e o municipio pouco máis de 4.000), antes da instalación da industria, pero con esta desenrolábase e teñen maior incidencia no proceso de transformación. Así o comercio e a Administración medran paralelamente coa actividade secundaria, a cal baséase sobre todo na: Fábrica de ferroaleacións, sita en Brens, pero que ten un porcentaxe importante de traballadores de Cee-núcleo. Logo, os asteleiros: con pouco máis de un cento de traballadores.

A imposibilidade de atopar un posto de traballo na industria supón un relativo freno a emigración e en consecuencia a posibilidade dun saldo positivo na evolución da poboación. Así do 1970 ao 75 incrementase nun 10,3 por cento, e conta nesta derradeira data con 2.824 habitantes.

A industria é o factor clave como decíamos para explicar a conversión de Cee en núcleo rector dunha comarca, non só no ámbito comercial senón no referente a outros aspectos económicos en xeral.


Vemos logo como a ubicación dunha fábrica provoca unha transformación diferente na parroquia de Brens e no núcleo ceense, explicación que ven dada polos outros factores existentes.

Un problema que se plantexa hoxe é a ampliación do casco urbano ceense e o da planificación desde outro punto de vista tamén na parroquia de Brens, dáse esta circunstancia, debido a que por unha banda é absorbida polo casco urbano da vila limítrofe, e pola outra polo propio crecemento da parroquia.

MARIBEL LADO GARCIA

Membro do equipo XEGA (Xeógrafos Galegos)

SECTORES DE ACTIVIDADE DA PARROQUIA DE BRENS




TASA ACTIVIDADE: 30,6 por 100.

- A poboación activa.
- B poboación non activa.
- C Sector primario (5,4 por 100).
- D Sector secundario (73,9 por 100).
- E Sector terciario (20,5 por 100).

don agosto

X AQUIN MARIN





A "COSTA GUESA"

VIA LIBRE A UNA D

Quizais de aquí a poucos anos somentes fiquen na memoria da xente dos pobos da costa luguesa o que aínda se coñece como "península da paz".

A desfeita que ia traer consigo a ubicación dunha industria de enclave como é Alumina-Aluminio abranxaría pasado o tempo, todos os eidos da costa. Recorrer hoxendia a ría é decatarse do esfarelamento social e mesmo económico dunha zona con sobrados recursos de seu. Nembargantes, ninguén sabe de certo o que vai acontecer e astra onde vai chegar a contaminación, a desfeita que mercede a política económica do goberno español, via libre aos monopólios,

están a ollar de contino os pobos da costa norte da nosa terra. Os primeiros síntomas non deixan de ser alarmantes na medida en que xa moitas persoas están a considerar a posibilidade da emigración a outras zonas ou cando menos seguir sobrevivindo a pesares de que o seu xeito de vida, o seu entorno social estase a modificar na súa totalidade.

E así, pobos como Viveiro, Foz, Ribadeo... decatanse de que aquel progreso do que tantos alardes se facía para eles, ao fin e ao cabo, ven a supor un atranco aos seus intereses.

Viveiro, eixo fundamental da vida da costa, está a sufrir as primeiras consecuencias deste "progreso". Dunha banda, ao pedas das súas antigas edificacións alzanse outras novas que ben se poderían calificar como monstruos da construción e que contrastan coa estrutura urbanística da cidade. E a vista está o edificio do axuntamento, edificado en tempos do anterior alcalde, na plaza Maior, como un dos exponentes do mal que se poden chegar a facer as cousas. Pola contra, non hai moito tempo estabase a falar de destruír o edificio do vello axuntamento. Por outra banda, a proliferación e o medre das entidades bancárias, polo de agora 13, o número de barras americanas, cinco na súa totalidade, o elevado coste do alquiler dos pisos, que chegaron ao cúmulo de 30.000 pesetas mensua-

lidade, amosan ben as claras todo o que pode traer consigo a instalación dunha industria deste tipo. E mesmo as costumes, os xeitos de vida estanse trocando por xeitos alleos impostos por unha realidade que hoxendia abranxe a toda a poboación.

E así, o turismo da zona está desaparecendo. A "península da paz" xa non é tal. Novas urbanizacións, moitas delas privadas, viñeron a rematar co turismo.

"...TEREMOS QUE EMIGRAR"

"Nos non sabemos o que imos facer. Ao mellor temos que ir buscar traballo a outros lados porque aquí non temos posibilidades ningunhas de topar nada". De certo, unha vez rematada a construción da primeira fase da Alumina moitos dos traballado-

res foron parar a rúa porque a empresa negouse a polos en plantilla como traballadores fixos. Nembargantes, nas oficinas de emprego espalladas pola zona, vimos como ían chegando homes e mulleres a busqueda dalgún traballo que poida mellorar as súas actuais condicións de vida, situacións precárias porque "no mar tampouco temos en que traballar xa que este sector estase a desfacer...".

Neste senso, hai que salientar que todos aqueles traballadores afiliados a algunha central sindical, e sobor de todo afiliados a ING, teñen xa de por si un veto a hora de topar algún traballo. Mesmo algun deles veise obrigado a fichar dúas veces no día e cunha periodicidade que para moitos resulta dabondo extrana. "Buscan persoas que non lles poidan dar "molestias" de ningún tipo. Se saben que estás afiliado a algunha central sindical xa non che vale a pena case ir buscar traballo. Faláron e faláron de que todos íamos ter onde traballar e agora vémonos na rúa, sen saber que facer e con moi poucas posibilidades de quedarnos na zona, no noso lar".

AS CHABOLAS DE SAN CIPRIAN

A saída de Viveiro, en San Ciprian, mesmo a beira da carretera xeral que leva a Alumina, pódense ollar un grupo de chabolas onde malviven familias portuguesas. "Chegamos aquí hai catro anos. Viñamos de Ponferrada e a empresa para a que traballabamos empregounos na construción da primeira fase da Alumina. Endexamais nos dixeron nada de darnos casas. Ao principio tivemos que amañarnos como poidemos. Viviamos aí, no monte, pero como tiveron que construír unhas casas botáronnos. Todo is-

to, todo o que estamos a pasar llo debemos ao señor Grañas, moito prometer, moito prometer e ao final, nada de nada. Cando rematou a obra nos puxeron na rúa. Estamos acollidos ao seguro de desemprego pero ¿cando isto remate, que imos facer?.

Nestas chabolas apiñanse as familias, nunhas condicións infra-humanas. Apenas teñen nada para poder seguir a sobrevivir. "Por varias veces reclamámoslle a empresa que nos proporcionara vivendas. Eu teño sete fillos e mire como vivo. A empresa o único que fixo foi encher o bandullo de cartos. Nós importámoslle moi pouco, nada. Dálles igual que esteamos ben que esteamos mal, o caso é facer cartos, e os fixeron a nosa costa. Despois, unha patada e a buscar outro traballo, pero non hai nada. Tamén o sr. José Manuel, xefe doutra compañía axuñar, cando fomos xunto del prometeunos que nos daría traballo, que non nos preocupáramos que todo se ía amañar axiña. E así levamos, agardando máis de seis meses. A verdade, non lle confío en nada. Tampouco sabemos onde ir, porque agora topar traballo é dabondo difícil.

Hoxendia non resulta nada fácil topar aloxamento en Viveiro, así como tampouco abundan nos pobos arredor. Os alquileres dos pisos, a medida que ía chegando máis xente para traballar na construción da Alumina, ían medrando. Na actualidade, o coste dos alquileres oscila entre as quince e as trinta mil pesetas. Tamén agora estanse a ver os primeiros letreiros de "libre". Pero os precios non baixan.


Pola contra, a Alumina ía tamén dar ocasión a especulación do chan. Na praia de Areoura, perto de San Ciprian, estabase a construír unha urbanización privada. O sr. Varela Villamor fíxose dono da praia e tentou de facer da zona unha especie de Cos-



ta del Sol. De principio, pedo o terreo onde se erixiu a edificación, de tal xeito que os veciños da zona que quixeran baixar a praia o tiñan que facer por unha especie de pasadizo. Nembargantes e polo de agora a construción da devandita urbanización parada.

A RIA ES

Outra...
cuencias de...
sector pesqui...
leiro, pobo...
a ver como...
"Cereiro fo



Reportaxe gráfico: ALBAN

OSTA LUGUESA"

...A RIA DESFEITA (e 2)



A RIA ESTASE A QUEDAR SECA

Outra das desastrosas consecuencias da Alumina afectou ao sector pesqueiro. Este xeito, Celeiro, pobo que vive do mar está a ver como o marisco desaparece. Celeiro foi sempre un porto de

refuxio, o único porto de refuxio natural da zona. Coa chegada da Alumina construíron un porto que nos tira todo para aquí. Tiñan feito un proxecto para cerrar o porto, cun presuposto de trece millóns de pesetas. O axudante de portos decíanos que ía acoller a toda a flota da provincia de Lugo. Pero o proxecto quedou aí. Nunca mais se soupo del. Tamén o feito de quitarnos água da ría para o embalse tamén nos perxudica moito porque antes viña unha oleada de mar e metíanos a area dentro da ría, pero logo viñan as arreadas, ao cabo dun tempo, e limpaban todo. Agora a ría estásenos a quedar completamente seca. Deste xeito, e polo porto comercial que fixo a Alumina, as embarcacións, salvo que sean moi pequenas, non van poder entrar. / Outra banda, os lodos roxos van formar unha especie de barrillo que non permite que se crien as algas e o peixe vai emigrar ou vai morrer. Parece ser que o emisario ten que estar a 14 kilometros afóra e nembargantes o deixan aquí, mesmo na punta do porto. / Polo de agora, os mariñeiros de Celeiro seguen a pescar o polbo, o marisco, pero temen que o seu xeito de vida desapareza polo esfarelamento que a Alumina vai provocar na ría. "Sabemos que as multinacionais o que queren é diñeiro, non lles interesa como a nós nos perxudique todo isto. Iremos falar co Gobernador, con Nieto Boada e a todo nos din que sí, que temos razón, pero despois por detrás fan o que lles da a gana. Tanto Graña como o propio Nieto Boada dannos boas perspectivas pero xa non temos confianza. A xente segue a traballar, ándase ao polbo, ao marisco. Polo de agora non se notou nada da contaminación da empresa, pero tememos o peor, faltan os lodos roxos, a sosa que van botar..."

Neste pobo tampouco hai turismo. "O turismo tamén se veu moi afectado e nesta medida case desapareceu porque a vivenda escaseaba. Antes non lles era nada difícil topar unha casa onde poder pasar os días que aquí viñeran de vacacións. Pero agora é todo o contrario. Un asturiano que tiña un chalet o vendeu e coma a el moita outra xente".

Namentras que os traballadores, de compañais auxiliares tiñan que pagar os altos custos dos alquileres, os técnicos especializados e os traballadores fixos da plantilla da Alumina tiñan ao seu alcance as vivendas que para eles mercara a empresa. En Foz pódense ollar dúas torres de pisos que se levantaron moi por enriba do nivel medio das casas dos pobos. A empresa construtora, "Promonosa", vendeullas a Alumina. E así, teñen dispoñibilidade de todo tipo de servizos. E unha área privada, o mesmo cartel da entrada a urbanización indica: "propiedad privada. Prohibido el paso", da Alumina.

Doutra banda, a estrada que comunica uns pobos cos outros sigue sen arranxar e os accidentes prodúcense cáseque a cotío. Tamén os donos de tendas de comestíbeis e de electrodomésticos sufriron, en contra do que poida parecer, as consecuencias da Alumina. "Eu antes tiña unha tenda pequena. Cando chegou a empresa amplíei o negocio e puxen unha tenda de electrodomésticos. Ao principio todo resultaba ben, pero cando rematou a construción da Alumina o negocio empezou a ir a mal porque quedei con moitas débedas. Agora heiter que pechar".

Mesmo en Regodela, a zona sofríu penosas consecuencias. Coa construción do embalse todo un val quedou asulagado. Campos e máis campos foron utilizados para facer-deles un embal-

se que se estende ao longo do alto do pobo. "Ver isto e saber como estaba antes é algo que non se pode nen siquiera dar unha idea".

O ORIENTE, "ZONA RESIDENCIAL"

De Foz a Ría do Eo, advirte-se un notábel cambio de faciana. Hai que dicir que as localidades costeiras do concello de Barreiros (San Cosme, Benquerencia, e maiormente San Miguel e Santiago de Reinante) son asento tradicional de veraneantes, e maiormente de veraneantes "notables". Nefeuto, unha boa parte das "forzas vivas" da capital da provincia levan tido chalet ou "casa fixa" nesta zona, e o mesmo feito da existencia dun Campamento da vella O.J.E. en San Miguel de Reinante non lle á allea á cuestión. Xuntémoslle a isto o fenómeno dos "fillos ilustres" de Ribadeo (os Calvo Sotelo, Bustelo, Barrera de Irmo, Victor Moro), fenómeno non se sabe se causa ou efecto do anterior, e xa temos o panorama completo. A chamada "zona de Ribadeo", pois, está adicada ao turismo, un turismo, noustante, de pouco aproveitamento industrial, pois ten unha orixe de relación familiar e engloba uns circos sociais moi concretos de Lugo e Madrid, por mor das circunstancias xa mentadas.

Non hai, pois, industria en gran escala na zona oriental, e apenas se chega a ela o ronsel da outra parte. Pero, aparte o esquivo desenrolo económico que como parte de Galicia lle toca, ten problemas, e prodúcense desfeitas. Cacicadas ten habido máis dunha, e poderíase lembrar un cemitério romano que apareceu na praia dos Castros, na Devesa, xusto no solar en que un "notable" de Lugo ía montar o seu chalet. O "notable" en cuestión "conseguiu"

que se catalogara o cemitério como medieval, e a conseguinte autorización para edificar o seu chalé, nun dos puntos máis bonitos do gran penedo que domina a praia.

Na vila de Ribadeo, dous son os problemas que teñen sensibilizado maiormente á poboación, o da "Ponte dos Santos" e a declaración de conxunto histórico-artístico. A Ponte dos Santos, que cruzaría a Ría, aforrándolles case vinte kilometros aos viaxeiros que foran para Astúrias, é un proxecto que conta con bastante oposición en canto ás condicións da súa execución; nefeuto, non é cousa de erguer calauer mole de cemento que arruine a fermosura desta Ría, doutra banda con moi grandes posibilidades artísticas, nen tampouco de facer unha ponte que nos permita o paso dos barcos da actual flota pesqueira, ou doutros de maior calado (posibilidade nuna a descartar) astra o peirao de Mirasol, metido cara o interior da Ría.

O conflito da declaración de "conxunto histórico-artístico" é consecuencia da filosofía de "protección monumental" do organismo español de "Bellas Artes". E é que nunha vila de nada alto nivel económico, moi poucos dos propietarios poden afrontar os gastos de reparación ou remodelación que lles impón "Bellas Artes" sen aportar nada do seu bolso. E ésta a circunstancia que fai que nun dos conxuntos arquitectónicos máis fermosos e de meirande valor histórico do país, e tamén dos máis destragados, a poboación se opoña á decisión de poñelo no lugar que lle toca.

Deixamos sen tocar a outra ribeira da Ría do Eo, Castropol, As Figueiras, A Veiga, tan íntimamente vencelladas á "Costa Laguesa".

XOSEFINA L. CORRAL

¡ALBRICIAS! SURXIU REALIDADE GALEGA

Este colectivo de intelectuais naceu, según dín, coa finalidade de contribuir a despertar unha conciencia viva da cidadanía galega por encima de todo partidismo ou diverxencia ideolóxicos. Vamos a expoñer algúns indicios que nos permitan enxuciar problemas que temos prantexados os galegos e que a sí mesmo considérase imprescindible.

Primeiro indicio: A situación do país galego preséntase como difícil ao goberno estatal a raíz da aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia pola Comisión Mixta formada pola Comisión Constitucional-Asamblea de Parlamentarios de Galicia, que é rexeitado pola práctica totalidade dos grupos políticos agás da propia U.C.D. e quizais C.D.

Segundo indicio: Pio Cabanillas realiza un viaxe a Galicia e ten unha cena de "amistade" con algúns dos intelectuais promotores do grupo.

Terceiro indicio: O sete de marzo do presente ano anúnciase a grandes espacias a constitución do grupo a través dos medios de comunicación caracterizados como máis españolistas e máis imperialistas. Firman a relación 67 "intelectuais" "galeguistas" que, no texto da declaración programática, afirman actuar ao marxen de todo vellelo partidario ou ideolóxico-programático. No colectivo figuran personaxes que xa tiveron acceso ao Congreso Español tanto pola vía do nomeamento dixital como pola da elección democrática. Hai tamén excolaboradores do ente preautonómico galego. Penso que debían, como primeiro paso, facer un balance dos logros que obtiveron pra Galicia, os pasos que deron en orden a conquistar a súa liberación, tanto uns como os outros.

Algúns presentáronse ás eleccións ás Cortes en candidaturas respaldadas pola esquerda españolista; outros están ligados ao clericalismo máis ou menos progresista e tamén os hai que militaron en partidos ben determinados. Polo tanto, en moitos latexa a vocación política e incluso demostraron unhas preferencias ben concretas. Agora ben, eu preguntome: ¿Van a facer táboa rasa do seu pasado, poñéndose nese plan máis alto a que aluden, para escomenzar

de novo e aconsellarnos a nós? ¿Os que defenderon programas concretos de actuación (os que no nos defenderon teríamos que saber porqué) van a desvincularse ideolóxicamente e sentimentalmente dos mesmos para situarse nese plano mental superior, por encima dos que non fomos elidos por non ser, naturalmente, intelectuais?

Coido que todos temos unhas preferencias por unhas opcións políticas máis ou menos específicas, aínda que non asimilemos de cheo un programa ou unha táctica política determinada. Incluso o carecer de política é unha opción política que pode obedecer ao desinterés, pasotismo, desinformación, comodidade, etc. En termos xerais, todos temos inclinacións por un modelo ou outro de sociedade que é asumido por un o outro partido político. ¿Non chegan os existentes?

Cuarto indicio: o texto da declaración programática reflexa craramente unha ideoloxía política: "A autonomía é un medio necesario" para lograr "unha Galicia desenvolva na plenitude das súas posibilidades".

Velahí unha proposición xenérica, de boas intencións, abstracta, as que é de esperar que nos acostume con frecuencia o grupo. Con esta declaración faise un rechazo ou polo menos unha marxinação da política do nacionalismo máis coherente e consecuente, a do Bloque Nacional Popular Galego que rexeita todo tipo de autonomía por coardar que non contribúe a resolver os graves problemas que ten prantexados a nosa terra. É sintomático que se rexeite polos "intelectuais galeguistas" ao partido que nái contribuíu ao rexurdimento da conciencia nacional galega, ao que máis loita en contra do colonialismo e o imperialismo que sofre a nación galega.

¿Cales son os obxetivos que pretende Realidade Galega? Aparte do rechazo da política do Bloque e a asunción do autonomismo, incluso, como di A. Regueiro na Voz de Galicia do 12-3-80, da propia U.C.D., o texto da declaración é moi ámbiga ao respecto, ao igual que o serán no futuro se pretenden reflexar os prantexamentos dun grupo tan numeroso e heteroxéneo de intelectuais. Dín propoñerse o coñecer reflexivamente a realidade galega na perspectiva autonomista para transformar a Galicia que temos

na Galicia futura. "Percurar que os galegos teñamos coñecemento de Galicia e das súas posibilidades para que poidamos reflexionar sobre ela. Para que poidamos actuar conscientemente como cidadáns galegos".

O proxecto preséntase como sumamente confusional porque en vez de tender a ofrecer unhas opcións craras e concretas ao pobo galego, que tan sumido está na ignorancia e desinformación, preténdeselle encauzar dun xeito sincretístico, ámbigo e desencarnado da realidade. Escomenza asumindo unha opción que, na súa vaguedade, é asumida polos partidos máis centralistas e polo pseudonacionalismo máis ou menos oportunista. E coñecida a teima de algúns dos chamados intelectuais en contra do nacionalismo popular, os cales poñerán todo o seu empeño en aillalo basándose nun suposto radicalismo, fanatismo ou intransixencia do mesmo. E escrarecedor que xa se escomezase por consideralo como contrario aos intereses galegos, incidindo xa sobre un futuro elctorado moitas veces ignorante e desinformado.

O proxecto foi naccista no seu nacemento. Ti, que es intelectual como eu, ¿queres pertencer ao grupo? E paternalista na súa actitude, xa que, en nome dunha pretendida intelectualidade presentando baixo o cariz de sabiduría e neutralidade, teima situarse por encima do ben e do mal, esquencendo que os galegos non necesitan persoaxes que se lle poñan encima, xa que deso xa tiveron bastante ao través da historia, senón debaixo ou acarón, para axudar a levar o xugo.

¿Por qué as élites intelectuais, se teñen a chave da solución dos problemas políticos, non se integran nas distintas formacións políticas e, se estas non responden a realidade e intereses galegos, intentan cambialas desde dentro? ¿Débese a que para moitos é máis cómodo ou máis bonito o non mollarse co risco de queimarse na loita?

Espereiros que se suscite a capacidade crítica no seo do grupo e que moitos que se meteron ahí dun modo máis ou menos inxenuo, desperten e que o proxecto pase a historia como un ente nado a destempore polo tanto, morto.

RAJON VARELA PJAAL

ROMPENTE: ANTRE O OBSEQUIO E O INSULTO

Veñen de aparecer tres manuscritos dun autodenominado Grupo de Comunicación Poética Rompente. O que nun principio era sociedade anónima ("Silabario da turbina" obra colectiva de poemas individuais sen firma) agora é sociedade limitada (o travesti Reixa, o facedor de migallas Avendaño e a galleta Romón si) ficaron fóra, pois, dous rapsodas: o naufrago Alfonso Pexegueiro e o autor dun mediocre e fragmentario poema con Afrodita, Cabaldos) Este grupo naceu antre as néboas do franquismo alá polos anos sesenta e pico realizando catro follas de resistencias astra que en febreiro do 78 falou unha turbina e empezou a quebrar segredos, deixándonos contemplar tesouros de metal nun comén e logo lago de desencantos.

a- o nada exquisito cadáver da frangulla:
unha s-obra de Alberto Avendaño.

Así mesmamente está empezado: a moeda deu a volta e extraviouse nalgunha ranura das aceras. Para os poucos nautas que coñecemos a obra de Avendaño este seu último expósito (1) significou un naufraxio. "Nocturn per acordio..." a carón da inesquecible Ixinia (nen eu tampouco) e aquel xa mítico párrafo: XA NON ESTAS E SUPETAMENTE NACE UN FURIOSO SILENCIO DE FORMIGA. Logo coñecímolos exponodo a vida e a obra en homenaxe á paipa meridiá do artífice do "Mais alá". Somentes por estas obras o xulgámbamos como a voz de máis calidade na poesía galega nova. E agora o pulgarcito pondo ovos, tres difíceis ovos ateigados de definicións de hipopótamo erudito, tres nefastos ovos, e ningún de ouro, mais ben unha carauta de estatura debecida. ¿Por que esta zoz-obra? "podía estar perdido non por desorientación, mais por estatismo". Os restos somentes aboian: "que logo de moito insistir, saes tarde. non teño gafas negras".

A maldita balanza inclínase na decepción, despois de observar como un excelente poeta tropeza cunha migalla e se esnafra no retroceso que supón a ida en permanencia (quero crelo) por efímeros afluentes que conducen a unha extraviada frustración poética nun pozó de inmóveis sensos.

Isto supón:

- 1- abraio por un mal traballo
- 2- non explicar o porque implícito desta s-obra
- 3- non crer o que os ollos len en canto á atribución de tais (pra min) erros, iso é: non tocar fondo, perderse no camiño, non atopar as migas condutoras, en defi-

nitiva, non encontrar as necesarias innovacións antes por el escritas.

epítome (que non debiera ser epitáfio):
o enano defraudounos, non obstante
agardamos con esperanza a catástrofe.
b- as ladillas do creacionismo: os hábiles insectos de A.R. Reixa

Nun principio falou de eróticas épocas con voz de dromedario inepto, é mais, considerei a Reixa como un poeta de inferior categoría (dentro desa escada sincrónica que é a valoración nun intre preciso e subxectivo) aburríame esa muller-raposa de sexo de selva, aburríame a monótona rotación da turbina, aburríame

b- as ladillas do creacionismo: os hábiles insectos de A. R. Reixa.

Nun principio falou de eróticas épocas con voz de dromedario inepto, é mais, considerei a Reixa como un poeta de inferior categoría (dentro desa escada sincrónica que é a valoración nun intre preciso e subxectivo) aburríame esa muller-raposa de sexo de selva, aburríame a monótona rotación da turbina, aburríame, en fin, a populesca palabrería dos seus poemas. Tivo de chegar este seu libro (2) para que se subvertisen os pódios da calidade: a súa voz que medra, que reitera (só/ raiando o sonido/ dunha verba chamada/ cocotero) que pulsa acordes de stradivarius caíndo e bica barricadas de cocodrilo que acaba cumio no "comando e fuga de min ou varios", esa voz fresca en Transilvania, esa voz que cobra altura de montaña e recita "onte soñei que unha estrela tiña-insomnio..." esa e a voz auténtica de Reixa, do Reixa que impregna á súa obra un grácil creacionismo, dun populesco xeito de compor, dun (aparentemente) advertido tono que mantén a intensidade poética da emoción até a final. Afortunadas ladillas as do seu verso recén agromado co limpido saío da espontaneidade. A composición do libro a mans (non sucias) de Menchu Lamas e Antón Patiño é excelente. Somentes unha obxeción para o meu ouvido de aficionado: as repetidas frasecitas en español que cansan e incomodan. Mais, pasando esta salvedade, a un non lle queda outra cousa máis que explicarmar:

cheira a Reixa, gatoantón (sen botas)

c- os barbitúricos no estómago da damisela decepcionada:
a concubina suicida de Manuel M. Romón

Cando non tivese outra cousa de que vos falar, falaríavos dos egrexios cantores desta merda: os poetas e tamen da lenta dixestión das (que quixeramos que fosen) galletas do seu verso que aboca ao valeiro disforme. Anteriormente Romón non falou de excrecencias e si da planfletaria e trisilaba Maria e doutros componentes químicos. Así as cousas, os poemas agora lidos (3) prantexan escisións: por unha banda os versos fluen e influen pola mente do autor que escribe sen peneirar o aluvián de palabras, velejqui o resultado: versos inconexos, mesmo incontroladas frases carentes de significado, conglomeración de desordes, improvisacións que conlevan buratos sen ritmo, música, nen sentimentos reais plasmados no papel, en suma, carencia de elaboración e revisión, o cal fai que as cualidades dun poeta se esterilicen en pomedas. E unha mágoa o resultado e a confección do libro (agás unha carta e unha minifotonovela) As características poéticas que xulgo positivas de Romón son eses párrafos en francés, inglés etc. que lle confiren aos poemas unha meirande musicalidade e efectividade acústica (herdo quizais de Ezra Pound) Da Fogueira somentes se salvarían "onte con voceo portugal. caramba. recito batusi de lume..." Aogra só decir:

apodreceron as galletas no almacén
e kokoschka sauí moi disgustado con
M (Marilyn) M (Monroe) Romón
caramba, caramba.

ROMAN RAÑA LAMA

(1) no diccionario lese, "asalto supeto e violento/ accidente, sincope..." na primeira acepción prescindiría do último adxectivo dándolle, así, a interpretación de aparición inesperada, mais a esta lle engadiría a segunda acepción, sinalando así a reacción en min producida, ou sea certo estupor e insatisfacción por estes tres libros aquí comentados.

(1) "Facer pulgarcitos tres". Fillo dun invidente vendedor de lotería e dunha lectura apócrifa do Espasa Calpe.

(2) "As ladillas do travesti"
(3) "Galletas kokoschka non"

EUSKADI NAFARROA, UNHA FILLA DIFERENTE

Antón Olea

Hai varios días vense de celebrar en Pamplona unha manifestación cuxa convocatória rezaba "En apoio do euskara. O euskara, língoa nacional navarra". Astra aquí, todo moi normal. Hai que ter en conta que o ensino desta língoa en Nafarroa tópanse con abondosos atrancos. O que xa é singular é que a manifestación acudiran entre 12 e 15 mil persoas, unha cifra que sorprendeu a todos pola súa magnitude, e que nos fala dun ambiente de rexurdimento do movemento de reivindicación da inclusión do vello reino na comunidade basca. Rexurdimento, dado que nos derradeiros meses parecía que se quedara escondido nos despachos dalguns políticos.

Que o triunfo do PNV nas eleccións ao Parlamento basco ten unha importancia capital, no tema de Nafarroa, é incuestionable.

Polo de agora, na comunidade autónoma vai dominar un partido, o PNV, que se pronuncia polo que os navarros decidan o seu futuro de inclusión ou non por medio dun referendo, pero que "se forzarán por convencerlos das vantaxes da inclusión". E desde o poder, isto está demostrado, para ben ou para mal, pódense facer moitas cousas.

Pero a outra cara da moeda é o PSOE e as imaxes dos parlamentarios socialistas Kurrallburu e Arbeloa. Se o PSOE xugou cunha imaxe de partido de orde e dereitosa na campaña electoral, este xogo non é nada novo no que se refire a Nafarroa. A decisión, a marcha con frenazos e viraxes foi unha constante dos socialistas. Hai tres anos, en xunto do 77, o PSOE defendeu un

estatuto con Nafarroa incluída. Seis meses máis tarde negociou xunto co PNV a disposición adicional da Constitución pola que Nafarroa quedaba con derito a inclusión. Pero a marcha atrás veuse producir en novembro do 79, cando no seu segundo Congreso decidíase apoiar unha millora do Fuero navarro, dado que "non é momento de cuestionar o problema de Euskadi". A partir de aquí xa ningún momento será propicio para tal asunto. Por exemplo, hoxe estábanse a producir intentos de aillar a Nafarroa da Federación Basca de montaña da que formaba parte, impídesse a xogadores navarros de fútbol que xoguen partidos coa selección basca, négase a su subvención a un sindicato de ensino "SPE-EILAS", de ambiente basco con Nafarroa dentro, fracasase no intento de controlar as subvencións e poderes da Universidade do Opus en Nafarroa, e un longo etc....

Paralelamente a todo isto, a represión atopa nesta provincia unhas condicións máis que favorables. E así observamos que fronte a tradicional implantación de Eta-militar na zona navarra, Desasakana, colindante con Gipuzkoa, as detencións alcanzan un auge fora do común.

Si por algo se destacou Nafarroa na época dos 60 no eido do político, o foi polo gran pulo dos movementos de esquerda. Aconteceu por estes anos que toda unha ex-masa de seminaristas volcouuse de cheo en actividades obreiras e de barrio. A ORT, por exemplo, chegou a ter unha forza parella a que hoxe pode ter Herri Batasuna. De xeito parello, as folgas chegaron a ter unha implantación e dureza moi superiores as das outras pro-

vincias bascas. A acción destes líderes obreiros e a dos dirixentes de Asociación de Veciños de barrios trouxo consigo un axuntamento fiel reflexo destas estruturas, un axuntamento pamplonico relamente inusitado naquela época dominio da esquerda.

Nuha enquisa recente levada por unha revista basca as personalidades daqueles momentos (anos que van do 74 ao 78), éstas non agachan a súa relativa frustración ao observar que nos derradeiros anos non se chegou a producir de ningún xeito o desplazamento das correntes conservadoras, aínda que recoñezan que as coalicións nacionalistas e de esquerda máis importante HB e Amaiur, conseguiron polo menos crear un muro de contestación aos poderes da UCD.

Cando "El País" revelou o escándalo dunha presunta malversación de fondos dunha partida de cartos destinada a empresa Fasa, por parte do máximo dirixente de UCD en Nafarroa, Jaime Ignacio del Burgo, moita xente chegou a pensar que se trataría dun golpe mortal ao diputado centrista. Nembregantes, astra agora Del Burgo parou os golpes, e nestes tempos a súa faciana sorrinte contrasta coa dos compañeiros de partido — nerviosismo e olleiras — que fixeron saltar o "affaire" a luz pública.

Nun principio pensouse que se trataba dunha manobra para desbancar a Jaime Ignacio, un político duro onde os haxa: "no tema Nafarroa-Euskadi difícilmente caben os solucións intermedias. Ou está dentro ou se está fora de Euskadi", declaraba ao xornal integrista "El Pensamiento Navarro".

Realmente existía a impresión xeralizada de que a UCD madrileña apostaba por outro home máis reflexibel neste tema para rexir a Diputación nafarroa. Mesmo se mencionaban os nomes da Esunción e Moscoso, dúas das persoas que se abstiveron na votación para a realización dun comunicado de apoio a Del Burgo por parte do Comité Regional de UCD.

Contra Jaime Ignacio tamén se posicionou o Gobernador Civil da provincia, Almejeide, quen autorizou a publicación de dito informe, ao xornal máis importante, "El Diario de Navarra". Pola súa banda "El Pensamiento Navarro" case rozou o rasgamento de vestiduras: "querense cargar Nafarroa", titulaba en primeira páxina.

Pero diante do curso que tomaron os acontecementos, cun Del Burgo que afirma impasible que non ten culpa algunha no d desfalco, dos 81 millóns, xa hai que comenzo a pensar que todo o asunto non foi máis que unha manobra do Madrid para "queimar" a todos os opositores de Del Burgo. Ben de certo, si ese era o propósito, xa conseguiron en boa parte.

Jaime Ignacio del Burgo, a quen alguns califican de "virrey", dado que ten nas suas mans a presidencia da UCD en Nafarroa e da Diputación, resultou un oso moi duro de roer.

AS INSTITUCIONS, BAIXO PRESION

ANTON OLEA

"Pocas novidades en el discurso de Garaikoetxea" titulaba o órgano escrito de maior difusión de Gipuzkoa, a "Hoja del Lunes", á hora de facer unha valoración da sesión de inauguración do "Parlamento Basco", o pasado 31 de marzo. Ao marxe dos titulares de periódicos, o que é apalpábel é que na rua a xente non tén sentido aínda alá moito interese polo desenvolvemento das institucións que van empezar a funcionar.

Con HB decidida a non aparecer polo Parlamento Basco, nen xiquera unha oposición cerrada por parte de todos os grupos, desde AP a Euskadito Eskerra sería quen, neste intre, de botar abaixo ningún proxecto dos peneuvistas. E esto tense visto claro cando a elección do que se nomea Presidente do Goberno Basco, na que, a pesares dos votos en contra de todos os outros partidos, o PNV saíu adiante sen problemas cao súa — Garaikoetxea Presidente — con dous votos de diferenza. Dous votos — 25 do PNV contra 23 do resto dos grupos — que son neste intre cruciais.



Un ledigno o máis firme candidato a Presidencia do Corpo de Policía-Foral de Araba, é un síntoma máis de que ETA (m) vaielles dar a batalla a moitas das realizacións deste Parlamento e Goberno bascos. O fondo pozo que arreda ás dúas polas armadas entre elas, pois, parece que se vai ir ensanchando en tanto se vaia consolidando o actual proceso autonómico basco, proceso ligado por varios anos ao que dicte o PNV.

Outro síntoma da postura de total oposición ao proceso institucional por parte de ETA (m) é a postura pública adoptada polos seus militantes presos en Soria no senso de que non van aceptar ningunha medida de gracia ou de indulto promovida desde o Goberno ou Parlamento bascos, por consideraren que o contrario implicaría renunciar á verdadeira amnistía.

IMPLANTACION DO EUSKERA, XA

Por outra parte, xa desde o comenzo o Parlamento tén topado coa aberta oposición, no que lle toca ao problema do euskera, dun importante sector da intelectualidade basca, integrado no organismo "Euskal Herriari Euskeran" ("En Euskadi, en basco), con persoeros próximos politicamente a HB, e que están dispostos a organizar manifestacións e outra caste de actos en prol dunha política de implantación "xa" da língoa basca a todos os niveis, oficiais e non oficiais, da actividade basca. Postura ésta que entra en contradición coa liña política do PNV, partido inclinado a tratar o tema do euskera en base a prazos longos.

E así, aínda sen ter empezado o labor do Parlamento e Goberno bascos, parece que se albica xa un fronte de "oposición dura".


Aparte, os problemas técnicos. Porque hai ben deles: p.e., dáse como seguro que se vai empregar un ano deica pór a andar a TV en Euskadi. O mesmo pasará coa Policía basca, que ocupará moitos meses. A un ritmo lento por forza e cunha oposición non integrada no Parlamento que parece disposta a non pasar sen se notar, a labours das institucións autonómicas neste intre aparece aínda ben difícil.

Vai ser longo o camiño das institucións da Autonomía basca, o Goberno e máis o Parlamento. Os temas cruciais deste intre en Euskadi — Nafarroa — o euskera os presos, o paro — teñen polo que parece, solución só a longo prazo, e esto anunciouno o mesmo Garaikoetxea. Conscientes desto, as presións sobre o Parlamento teñen comenzo xa a se deixar sentir en diferentes contestos. Xa no mesmo acto de inauguración do Parlamento, os familiares de presos polimilias acugularon os arredores da "Casa de Juntas" de Gernika ao berro de "Pressoak kalera".

"QUE PAREN OS GRUPOS ARMADOS

A todo isto, Garaikoetxea non dixo nada de novo. Para el e máis o seu partido, o labor da liberación dos presos leva aparelhada unha "conditio sine qua non": que para a actuación dos grupos armados. Pero en tanto a pola militar de ETA continúa — sen dar resposta pública a esta proposta — a súa actividade, os poli-milis, inactivos de hai xa máis dun mes, veñen de manifestar que eles, pese a estas vacacións electorais e post-electorais, non renuncian á loita armada e que non estarían dispostos a conceder unha trégoia máis que no caso de observaren que "as institucións acadaran a totalidade das competencias e o seu ulterior desenvolvemento, asignadas no Estatuto de Gernika".

A pola militar etarra, da súa banda, segue con toda a forza adicada autodenominado "combate ao reformismo". A execución do xefe de Policía Municipal de Gasteiz, segundo rumores

se lle vai viaxar
faga turismo
na "casa" 

A SUA CASA E SUA. E VOSTEDE VIVE COMO QUER E
VAI ONDE QUER. AS CARAVANAS E COMPLEMENTOS
CATUSA TEÑEN TODO O QUE FAI FALLA.
ASTRA O PRECIO E BON.



CARAVANAS CATUSA

E COMO UN "LAR" PARA LEVAR NAS VACACIONS E
FINS DE SEMANA.

Servicio Post-Venta garantizado

 **COMERCIAL LAMAS**

Perpetuo Socorro, 1
Telf. 217080
Lugo

Navia Castrillón, 12
Telf. 560704
Vivero

General Franco, 24
Telf. 450674
Puentes G. Rodríguez

LIBERIA: NADA ESTA TAN "SEGURO"

J.J. NAVARRO/ LIATZER MOIX

Sábado 13 de Abril, un inesperado golpe de Estado deu cabo de 133 anos de tránsitos políticos incruentos no Estado independente máis antigo de África, Libéria.

Fundado en 1847 por escravos negros norteamericanos, liberados polo paternalismo do presidente yankee William Monroe, Libéria tén recibido moitas veces o nome de "51 Estado da Unión" ou "O país do Tio Tom", porque todo, todo todo, estaba feito á imaxe e semellanza dos USA, incluídas as desigualdades sociais.

Libéria encravada na costa occidental africana, con fronteiras con Serra Leona, Costa de Marfil e máis Guine-Conakry, é país de aínda ben recursos naturais: ouro, diamantes, ferro e máis caucho. A maior parte da explotación desta materias primas fican nas mans de multinacionais xaponesas, suecas, alemanas e maiormente norteamericanas.

A INDUSTRIA DA "MATRICULA NAVAL"

Aparte, Libéria é un dos paradísos fiscais deste mundo, e maiormente no que lle toca a rexistro e matriculación de barcos. Noutros países, matricular un barco pode saír carísimo, sen contar cos impostos, condicións mínimas de seguridade, requisitos mínimos de tripulación, etc. En Libéria, matricular un barco costa nen máis nen menos ca 1.000 dólares (70.000 ptas), e non fai falta que o barco ou seu armador toquen terra liberiana. A trasacción pódese efectuar sen ningunha pega en Londres, Rotterdam, Hamburgo ou Zurich. Hoxendia andan a navegar polos mares 2500 barcos de bandeira liberiana, cun desprazamento total de 157 millóns de toneladas.

"COMA QUEN REXE UNHA FABRICA"

O principal artífice desta "terra de ensaño" para o gran capital foi William Tubman, presidente de Libéria entre 1947 e 1971. Firmemente apoiado pola burguesía, os terratenentes e máis o exército, e cun total respaldo da USA, levou adiante unha política de liberalismo económico a ultranza, que atraeu ao capi-

tal estranxeiro astra niveis insospeitados. Sobre 1971, o noventa por cen dos recursos financeiros do país ficaban en mans estranxeiras. Por suposto, este feito trouxo tamén cando a el unha corrupción de magnitudes impensábeis que, por outra parte, é ben habitual en ben países africanos.

Libéria, coas súas aldeas máis semellantes das do Sul dos USA

que das de África, cos seus policías vestidos igual que os de New York, o Inglés de idioma oficial e o dólar por moeda, era tamén un país con cidadáns de dúas castes; curiosamente, os descendentes dos escravos americanos que fundaron o país chamáronse **colonos**, e deles era cáseque toda a terra liberiana. Os demais, os negros indíxenas, formaban o proletariado do país, que de certo vivía mellor que o do países veciños na época da expansión económica, pero que ficaban faltos dos deritos máis elementais, por moito que a Constitución liberiana estivera copiada ao pé da letra da dos USA.

Así, o país ficaba financeiramente suxeto ás multinacionais, economicamente controlado por trescentas familias descendentes dos ex-escravos colonizadores, e politicamente nas mans dunha élite, pertencente ás mesmas familias e que se perpetuaba ela a sí propia.

En 1971, o Presidente Tubman (que se gababa de dirixir Libéria coma se fose a súa empresa privada) morreu, e sucedeuo William Tolbert, vicepresidente do país desde 1957. Tolbert, pastor protestante e membro da mesma élite que Tubman, deixou que a máquina seguira a funcionar, pero a crise

económica de 1973 rachou de súpeto a prosperidade liberiana e xurdiu o descontento político.

ESTOUPA A OPOSICION

En realidade, a oposición comenzara a se organizar en 1971, pero non se fixo politicamente activa deica 1975, axuntouse arredor do "Partido Progresista do Pobo" en 1978 e plantoulle unha loita aberta ao poder desde este ano pasado. Distintas organizacións internacionais, coma "Amnesty International", denunciaron seguido as violacións sucesivas dos dereitos humanos de parte das autoridades liberianas na súa campaña de represión á contra dos opositores políticos.

Para remate, perante a forza da protesta, o presidente Tolbert viuse na obriga de legalizare o PPP en xaneiro deste ano; a "apertura", endemal, durou pouco, e o pasado 28 de marzo, o partido viase declarado fora da lei, e os seus dirixentes encarcerados. Nembargantes, había xa un notábel grupo de militares (maiormente suboficiais) que somaran concéncia de que a corrupción reinante non podía seguir.

Foi deste xeito como xurdiu o golpe de Estado do día 13. Un sarxento de 28 anos, pertencente a Garda Presidencial, Samuel Doe, xunto de varios compañeiros de armas, derrocou e matou ao Presidente William Tolbert e feriría tamén a varios dos seus colaboradores. Moitos funcionarios e ex-ministros están presos e van ser xulgado por corrupción e alta traición, en tanto que outros ex-ministros fan parte do novo goberno. Da súa banda, os encarcerados líderes de PPP víronse postos en liberdade.

Ainda non se coñocen exactamente o rumbo que van coller as novas autoridades liberianas; pero sen dúbida que a nova do golpe tén sodo causa de inquedanza non circos de decisión político-económica occidentais; dispostos a preservar país — e mesmo unha zona — de África, que astra de agora ficaba alleo a todos os conflitos en que se debate o Continente.

Bolivia e a Liberación Nacional (e 2)

Neste momento o movemento popular non foi capaz de facer frente coas armas ás do imperialismo. A partir desta derrota o goberno de Banzer escomenza a desnacionalización dos recursos naturais en poder do estado e favorecen a concentración do capital en mans da empresa privada e duranos oito anos do goberno de Banzer todos os sectores da economía boliviana foron colocados en mans do imperialismo.



Os outros sectores que non están dentro da actividade de extracción de mineral case non se desenrolaron e é por iso que a actividade fabril non chega nen tan xiquera producir para o consumo nacional.

E desta forma que o que en Bolívia podera chamarse burguesía, non é tal xa que claramente constitui unha clase de oligarquía e os seus intereses son tributarios dos intereses do imperialismo e os seus monopólios; son, pois, nestas condicións unha clase que xoga o papel antinacional claramente definido.


Neste contexto de país neo-colonial formouse un movemento proletario no que a clase obreira das minas se organizou e logrou formas de democracia proletaria en contraposición as ditaduras militares impostas polo imperialismo.

En base ao grado de concienciación do traballador das minas é como surxiu a Federación de Traballadores Mineros de Bolívia, (FSTMB) como instrumento de defensa dos dereitos sindicais e democráticos. Tamén se logrou a unidade sindical con todos os sectores laborais, que constituíron xunto á FSTMB a Central Obrera Boliviana (COB).

No momento actual asistimos á crise da forma de democracia burguesa xa que o carácter de intermediaria fai á burguesía que sea unha clase antinacional e incapaz de construír un estado xa que a presenza ou existencia desta clase dominante é indirectamente proporcional coa presenza do imperialismo no país.

E por iso que, esgotadas en Bolívia as posibilidades de instaurar unha democracia representativa, o imperialismo viuse forzado a tentar impor novamente unha ditadura militar, e este intento reaccionario foi levado a cabo o 1 de Novembro do ano pasado, pero ante a crise de dominación, xerouse unha mobilización das masas que lograron, en base a resistencia popular e nucleada en torno a COB, facer fracasar o intento de outro periodo de ditadura militar. Pero que quede ben claro que ao non haber unha clara dirección política, autenticamente revolucionaria, a COB xogou o papel que tiña que xogar e que non era outro máis que a defensa dos dereitos sindicais e políticos; e é necesario apuntar que, o que o imperialismo tivera que replegarse e un intento de impor unha ditadura, non quere decir que os militares golpistas foran derrotados, seguen en postos chaves de aparato do estado e seguen en postos de mando dentro do exército. E por que a existencia do Movemento de Liberación Nacional (MPLN) non supón unha posición reformista senón que supón claramente, un aporte á loita de Liberación Nacional e con isto a posibilidade de solucionar o antagonismo entre a nación e o imperialismo. A loita de Liberación Nacional é unha loita anticapitalista que axuda a o proceso de Liberación Continental á que asistimos hoxe Latino América.

SERGIO



AS HIGHLANDS CLEARANCE (e 3)

Sobre a dominación de Escocia

Como dixemos, logo que os feudais escoceses se entregaran ao inglés deixando as terras para ovellas empezou a "febre da emigración" para América do norte, distinguíndose na súa promoción o duque de Sutherland que fixo, entre outras, un plan de "melloras" mandando xente cara á costa esperando que se tornaran pescadores ou emigrantes. A Igrexa calou ou púxose ao lado dos ams. No 1813 os aministradores reclutaron criados, cargaron cañóns, para ir contra o Clan Gunn, de Caithness, ao norte. Despois as campañas de prensa, queima das casas, intensificación das exportacións de lá para uns e da emigración dos outros. Os enfrontamentos continuaban e ao chegar a Nova Escocia restaba manterse de cascos de árbores...

A actitude de Gran Bretaña vacilaba: por unha banda interesábase a explotar as riquezas das colonias con con criminais que ían forzados ou con man de obra dócil de irlandeses e escoceses; por outra banda tiñan medo que cundira o exemplo da recente emancipación das 13 colonias americanas, que decidirían facer a explotación pola súa conta. Ademais precisaban dos fieis Highland Regiments para as guerras do império, e explotaban o mito da robustez e ferocidade do montañés de Escocia. Alguns emigrantes eran militares ingleses retirados. Metíanlle no barco o gaitero, que lles tocaba "Cha till mi tuille": "xa nunca máis voltaremos".

Os piores barcos eran os que saían de Irlanda, de Belfast e Dublin: por seren máis baratos, moitos escoceses atravesaban o Mar de Irlanda para embarcar ali. En 1773 un barco levou ás Carolinas 450 emigrantes nunha bodega de 60 por 18 por 6 pés, nunha travesía que durou máis de 10 semanas e na morreron 23.

Tocante á cuestión dos emigrantes, en 1826 escribiu o Gobernador Xeral de British North America: "Realmente creo que non hai moitos negreiros da África á América que dean unha impresión tan noxenta.

O Parlamento tratou de limitar a cruceza das emigracións, pero as súas directrices eran ignoradas. O negocio continuaba: o contratista ou os seus axentes recollían a metade do importe da pasaxe antes de fretaren o barco, que chegaba semanas ou meses despois. Mesmo as pensións dos portos, nos que os emigrantes tiñan que agardar o embarque, eran propiedade dos contratistas. No barco vendíanlle aos pasaxeiros as patacas para a comida oito veces máis caras que en terra. A auga ía en bocois que antes transportaran aceite de palma ou índigo das colonias. Un barco estaba en tan mal estado que tiño que dar a volta a un porto inglés, e da xente non se supo máis.

Ante a marea de emigrantes o goberno viuse obrigado a crear o Colonial Land an Emigration Department (1851), chegando a "amparar" e asesorar a sociedades de emigrantes privadas. Comenzou a funcionar tamén a Highland and Islands Emigration Society, que (naturalmente) tiña a sede en Londres, e contaba na directiva con personalidades do calibre do lord alcalde de Londres, o Gobernador do Banco de Inglaterra, o barón de Rothschild, duques, condes, mesmo o home da raíña Vitoria, vestindo saia escocesa, acedeu a ser o patrocinador da

sociedade, a cal xustificaba así a súa filantropía: "Quen era unha carga para a comunidade británica na metrópole convértese nun apoio a ela cando é transferido ás colonias". A Sociedade aínda tiña o atrevimento de pedirlle cartos aos que xa emigraran para axudar a traer aos seus, ou aos soldados que estaban a loitar en catro continentes pola Coroa. O máis ignominioso era que o emigrante chegado á Australia empregábase para coidar ovellas.

Aos poucos que ficaban nas montañas non lles deixaban nen coller garabullos para o lume: vivían en condicións míseras, cun chan de terra e sempre baixo a ameaza de expulsión. Un xornalista do sul escribiu: "A alma do montañés de Escocia vive nas tradicións do clan e da familia, as lendas contadas a carón da lareira, os cantares dos bardos. A idea mostra da mente inglesa, a idea do Negocio, non ten abroillado no seu espírito, non desenvolveu as súas peculiares virtudes no seu carácter".

En 1842 chegoulle a vez á rexión de Strathcarron. Outra vez as ordes de desafúcio. De nada valía que os arrendatarios estivesen dispostos a pagar un aumento da renda: botábanos igual. En 1854 un grupo de fuxidos refuxiouse no amparo dunha igrexa, e tampouco lles valeu. As Clearances eran inexorábeis, e unha vez máis enganábanos no nome do Ceu.

A policía carregou con porras, mallando sen respectar ningún, dando patados nos peitos e nas partes pudendas as mulleres caídas no chan, apaleando vellos e nenos. Un home que se arrepuxo, guindando tres policías dun empurrón a 5 iardas, foi apaleado astra quedar insensíbel. A unha muller eschacháronlle o cráneo a porrazos, o que lla causou a morte. Sacaron a 20 en padiólas. Unha muller arrincoulle a porra a un policía. Outras porras fenderon de tanto mallar, derramando a cinza que contiñan: o coiro tiña grabadas as letras de V. R., iniciais de Victoria Regina, en nome de cal se administraban as malleiras. Ao final fixeron o acostumado número de detencións para deixar quedar claro a vitória táctica da lei.

As últimas en sofrer o triste destino da Escocia foron as Hébridias, que ficaran intocadas polo remoto da súa situación e o peculiar da súa economía, pois adicábanse a recolleita de algas para abono. Pero baixou o precio dos abonos, ao terminar as guerras napoleónicas e abolirse a protección da competencia extranxeira. A solución dos señores non se fixo esperar: importar ovellas. Viñan en barcos os poli-

cias coas ordes de expulsión, que os propios labregos tiñan que pagar (10 xelins). Mentras tanto o precio das ovellas estaba a subir, debido aos estragos que fixera en partes de Inglaterra e de Escocia a enfermidade da inflamación das patas. Nalgun caso déronlles aos labregos a excusa de que as súas casas quedaban demasiado retiradas da igrexa, e por iso tiñan que emigrar. Na illa de North Uist obrigaron aos mozos solteiros que ían emigrar a buscar moza noutros distritos, porque en Australia non había suficientes milleres, sendo unha colonia adicada a penal.

A guerra da Crimea afectaba os prezos da lã e da carne. Referíndose ao caso dun viudo con catro fillos, escribiu o abogado Donald Ross: "Comercialmente Allan Macdonell non ten valor ningún. Se fose un corzo, cervo, ovella ou touro, un señor podería especular sobre o seu valor real" cunha marxe dun poucos xelins; pero Allen non é máis que un home. Ademais os seus fillos non teñen valor ningún entran no cálculo dos cazadores: non se poden cazar como as lebres, o galo monteiro ou a perdiz branca, nen ser enviados como caza aos mercados londinenses".

Mentras tanto o império reclamaba soldados dos Highlands, lembrando a súa fidelidade á Coroa que tiñan. Entre 1793 e 1815 serviron 72.385 destes mozos nas guerras británicas. Pero cando chegou a batalla de Balaclava botaron en falta aos escoceses. Os reclutadores ían polas illas buscalos. Lord Macdonal díxolles que lembrasen os seus devanceiros que loitaran no exército, e eles retrucáronlle: "E tu lembra Sollas (nas Hébridias) cando mandaran soldados contra nos. Que seguridade temos de que axiña non nos van obrigar a desalojar os nosos pra facer sitio as ovellas? Mándade os vosos cervos, corzos, carneiros, cans, pastores e gardabosques a loitar contra os rusos. Eles nunca nos fixeron mal ningún". E noutra ocasión: "Nós non temos pátria pola que loitar. Vós roubásteisnos o noso país e déstello ás

ovellas. Pois logo, xa que preferístedes as ovellas aos homes, que elas os defendan". O propio duque de Sutherland desprazouse de Londres para lles decir que había que entrar en guerra con Rusia para non deixar que o Zar collese máis poderes dos que xa tiña, etc. Respostáronlle: "se o Zar de Rusia tomase o castelo de Dunrobin e a casa de Stafford (propiedade do duque) non poderíamos esperar peor trato ás súas mans do que experimentamos as mans da vosa familia nos derradeiros 50 anos". Daquela só conseguiron reclutar un, e tan pronto como levaron botáronlle da casa á familia. Outros soldados que voltaron da guerra atoparon que fixeran outro tanto coas súas casas.

ASPECTOS DO DEPORTE GALEGO

O deporte galego está mal, e o fútbol, en especial, está peor. Non fai falla meterse en comparacións ou análises cualificativas. Abonda con mirar as táboas clasificatorias para ver por onde anda. O camiño que segue non é certamente un camiño ascendente.

Pero a cousa non vén de agora, enpezou hai tempo e vaíse agravando pouco a pouco, e todo debido en boa parte á falla de instalacións; temos casi os mesmos campos que hai vinte anos, e menos espazos libres. O deporte galego é o típico dun país subdesenvolvido, priman os deportes rudimentarios, que non lles compre unha técnica depurada. Observen que en atletismo sempre destacamos en carreiras de fondo

ESTRUCTURA E MENTALIDADE: O PROBLEMA

Ademais á xente de agora arodeada de máis comodidades hai que lle dar outras motivacións que non seían as que se utilizaban antes de facer deporte para acaar un status económico. Agora eso cáseque nen vale, ou vale a medias. Por outra banda, téñen de haber un mínimo de condicións indispensábeis de comodidade.

Os rapaces da aldea están metidos todo o día na escola ou no aotobús, non lles queda tempo para nada. Nas cidades a cousa é parecida, as horas de colexio e de facer os deberes privan sobre as horas do lecer e do deporte, planificándose segundo a comenencia dos profesores e non dos escolinos. Se a isto lle sumamos a carencia de espazos toparemos que aos rapaces eles case imposible practicar o deporte recionalmente.

AS COUSAS SIGUENSE A FACER O MESMO

Non vai cambiar o panorama, as cousas síguense facendo o mesmo. A nova Lei de Deportes non aporta novidades dignas de mención a non ser a súa futura nulidade.

Nos plans de ordenación urbana non aparecen para nada centros deportivos ou de recreo, como non se contemplan outras tantas cousas. E os dirixentes, os mesmos dirixentes de sempre coa mesma mentalidade de sempre, síguen a facer nada, como

sempre. O deporte é o deporte espectáculo-comercio, o outro, o pouco que existe, non se téñen en conta, e así non poden chegar deportistas que dean espectáculo. Lles mesmos se están fundindo coa súa teima de recoller todo o que xurde de xeneración espontánea, e que se chega a unha cota un pouco outa o porque lle sobran milleiros de condición e de paciencia; e non se mentar nada, xa que eso dá traballo e costa algúns cartos.

E ao fondo fica o mundial coa súa polémica e o se "vou non vou-hei de ir".

Galicia terá de invertir case mil millóns de pesetas entre réditos e todo. En compensación, non saeremos o que recibirá. Espectáculos, secadra. Beneficios económicos, veremos, e anque os haxa, ¿quén se lucrará?

Que van quedar as instalacións feitas. ¿Qué instalacións? ¿Canto uso van ter moitas das obras que se van facer? E, anque dean rendemento, non darían máis estes cartos invertidos en instalacións de base, en instalacións de barrios, poñamos un exemplo. Estas instalacións que imos a pagar todos van ser só para unha élite. Para unha élite que fai un espectáculo que cada vez téñen menos de deporte. O deporte-deporte, ¿en que se beneficiará? En pouco, pensamos. E por isto polo que dezaseis equipos modestos da Coruña, dos vinte-tres asistentes, mantiveron unha reunión convocada polo Tnt. Alcalde César Pintos, na que acordaron pedir — unhas contrapartidas por estes gastos —

Unha delas sería que a Federación contruira campos de deportes para os equipos modestos. Esta proposta levaríanlle os responsábeis da Asociación de Fútbol Modesto da Coruña aos representantes da Cultura e Deportes Estatais.

PUCHEIRO



Riño

foto-cine

Santo Domingo, 9
Tfnos.: 225461-224458

LUGO

ΥΓΙΕΙΑ ΚΑΙ ΠΑΝΑΚΕΙΑ A TESE EPIDEMIOLOXICA

ANXO RODRIGUEZ

Ilustración: XULIO MASIDE

A notificación a nivel do estado para 1979 foi de 1407 casos, sendo a media do periodo 1974-78 de 1364 casos.

Dentro desta pentaxia epidemioloxica da nación galega o espectro secular do BOCIO ENDEMICO. A carencia da hormona tiroideá en estado útil, base fisiopatolóxica da enfermidade, condiciona retraso definitivo e irreversible na organización do cerebro. A administración da hormona, cando o diagnóstico se fai a tempo, e isto é a excepción (falla de programas de despiste precoz), pode evitar o retraso mental, aínda que persistan secuelas neurolóxicas menores. No bócio adquirido con hipotiroidismo, de causa exóxena (sustancias bocióxenas da alimentación habitual, grelos, nabos, zanaoria e o mesmo leite destas áreas, que compiten coa utilización do iodo necesario), por falla tamén de aporte iodado axeitado o traves de alimentos que o conteñen, peixe por exemplo, e incluso a falla dunha suplementación axeitada (sal iodada), afectase tamén o crecemento e desenvolvemento.

Cando o bócio endémico con hipotiroidismo ten desaparecido practicamente de toda Europa, Galicia segue tendo a incidencia máis alta, que proba as cheas a persistencia de endemia. Hai estudos importantes do bócio en Galicia, nembargantes moitos deles non pasan de ser simples sutilezas fisiopatolóxicas no dominio "científico" do tema, baixo dos postulados esotéricos da ciencia burguesa. O problema do bócio e tamen unha mostra flagrante de desaxuste nos resultados e aplicabilidade da investigación burguesa, nun país colonizado. As relacións socioeconómicas son coherentes, o problema segue en pé. Evidentemente os datos que aporta o importante estudo de revisión do Profesor Angel Belmonte (Bocio en Galicia: Revisión de 15.796 bocios explorados 1958-78. Universidade de Santiago 1980), poden constituir as bases para establecer o mapa epidemiolóxico do bócio en Galicia, base fundamental para unha loita axeitada de profilaxe, que se amosaría de grande facilidade e operatividade, sobre todo a nivel pre-escolar. Emporiso unha política de protección sanitaria en base os coñecementos actuais, non sería posible sen cambios estruturais profundos non só nas comunidades que deben recibir a protección senon tamén nos que teñen que dala e administrala, incluído, por suposto, o aparato sanitario fundamentalmente.

Co RAQUITISMO CARENCIAL, rematamos estas consideracións. Enfermidade dabondo coñecida e de frecuencia incalculabel no noso medio. A pesares dunha profilaxe eficaz cen por cen, non hai nengun programa oficial de loita, a



suplementación vitamínica (vitamina D) dos alimentos, as leites fundamentalmente do mercado, non se realiza axeitadamente. O debate é absolutamente inútil tamén neste caso, o punto que resulta ridículo aportar máis datos que non sea a existencia da súa erradicación da nosa Terra.

Antropoloxía física (Antropometría): En virtude das

relacións de significación que trata de amosar esta tese, os criterios antropométricos constitúen sen dúbida indicadores maiores do estatus de saúde da poboación. Nefeuo os parámetros antropométricos funcionais que inciden sobre un colectivo que representa máis do 30 por cen da poboación xeral, traducen a actuación multifactorial das condicións do medio sobre o individuo e da comunidade a todo longo das etapas máis decisivas do seu desenvolvemento e evolución.

Emporiso a metodoloxía antropolóxica máis depurada, non ten capacidade de seu para modificar o que rexistra. A ciencia burguesa e mesmo a "inerxia" da dinámica colonialista, amósanse incapaces de dar resposta axeitada, en tempo e lugar, os problemas antropolóxicos que se plantexan na nosa nación.

As estadísticas antropométricas do estado, son limitadas e cumpren fins concretos. Empregranse parámetros físicos actuais illados, por exemplo antropometría dos reemplazos de leva (peso, talla, perímetro do torax); fora disto non habería, a nivel oficial, ningún outro tipo de determinacións.

Curiosamente non se viñan rexistrando nas estadísticas do estado o peso dos recém-nados, idade xestacional, nen ningún outro tipo de datos do parto; estase agora a implantar un boletín estadístico do parto no que se recollen algúns destes datos, pero evidénciase a falla de datos como a lonxitude, perímetro do cráneo, status nutricional, etc. Evidentemente os rexistros antropométricos de amplitude, inclúen parámetros bioquímicos, cos que se refiren a eclosión das máis importantes funcións fisiolóxicas, como poden ser a competencia comunicativa e a fala, a puberdade, a menarquia, fertilidade, etc.

En moitos destes parámetros que temos referido, debido os desaxustes dos diversos factores do medio, non se cumpren axeitadamente, na nosa antropoloxía, tendencias serulares, que por outra banda evidénciase claramente en países en rápido desenvolvemento. Aínda que en termos de causalidade, non hai unha especificidade absoluta, hai que constatar que a falla de programas e obxectivos, principalmente na área da nutrición e desenvolvemento, traí como consecuencia a falla de correspondencia nas relacións antropométricas dos patróns de progreso deseados.

De pouco serve definir máis ou menos loxicamente, un modelo antropolóxico a remedar, senon se dan paralelamente as bases socio-económicas e culturais que permitan a súa realización.

da terra ásoballada

DOS ENCONTROS DE LISTER CON AUGUSTO ASSIA E OUTRAS PUNTUALIZACIONES

Madrid, 10 de abril 1980

Aos directores dos periódicos "Ya" de Madrid "La Vanguardia" de Barcelona e "La Voz de Galicia" da Coruña.

Señores directores:

Nos periódicos que vostedes dirixen, correspondentes aos días 26-27 nuns casos e 27-28 de marzo, noutros, foron publicadas unhas cartas do señor Augusto Assia que ao constituír un fato de mentiras e calumnias contra min e sobre todo contra o exército popular da República, eu respondín en carta, que o mesmo día 29 do mesmo mes, dirixín a cada un de vostedes pedindo a súa publicación segundo un dereito que creo que a decencia e as leis conceden.

Estamos a 10 de abril e mentras outros periódicos fixeron referencia as cartas do señor Assia publicadas por vostedes e publicaron íntegramente a miña a vos-

tedes dirixida a vostedes e os seus periódicos seguen dando a calada por resposta.

Na miña carta do 29 da que lle envío outro exemplar, procurei aclarar, puntualizar e denunciar certas afirmacións do señor Augusto Assia. Tratábase de cuestións que tiñan relación con cousas máis ou menos directas con el e conmigo, sobre todo cos nosos encontros de Berlín e Moscú.

Creo que nese aspecto a cuestión quedou bastante explicada a non ser que o señor Felipe Queira que eu describa como eran os vaporosos camións con que a súa Gesta se paseaba por toda a casa sen importarlle un pito a presenza do pobre canteiro galego.

Pero esta vez quero referirme a algo moito máis importante: ao millón douscentos mil homes con que contaba o Exército Popular da República, encuadrados en unidades regulares e con mandos que supuxeron planear e executar batallas que hoxe seguense estudando nas academias españolas e de outros países.

¿O Exército Popular Republicán unha banda de canallas como dice o señor Assia e vostedes imprimiron? Penso señores directores que non so comete unha canallada o que o escribiu senon vostedes ao imprimilo.

A non pouco deses "canallas" de seu protexido Augusto Assia, e aos que eu vin ganarse os galóns nas grandes batallas da nosa guerra e aos que eu atopo cada día vendendo billetes de Lotería, Periódicos nos kioscos, limpando botas, levando porterías, vivindo dunhas 3 ou 4 mil pesetas que reciben como pensión, os que as reciben, polas súas pernas, brazos ou trépas desfeitas.

¿E que decir das viúdas e familiares dos caídos no campo republicán?

Non pasa día sen que eu non reciba a visita das que veñen en busca dun certificado de defunción dos seus caídos na guerra. Certificados que serven ou non serven segundo o burócrata de turno no lugar onde os teñan que presentar.

Pero, señores directores, vostedes que deberan ser os recep-

tores das inqueda das cidadáns, ¿que pensan?, ¿que escribiron? ¿que están dispostos a escribir sobre eses miles de combatentes do Exército Popular da República que tendo gañado uns títulos nos campos de batalla defendendo o rexime que o pobo elixira, hoxe non se lles recoñecen, porque son de milicias. Precisamente desas milicias que foron as creadoras do Exército Popular?

¿Así esperan tachar certas cousas da guerra e igualarnos as dun e outro lado, aos que se que-re presentar como gañadores e perdedores desa guerra?

Señores directores, permítanlle a un que non cambiou de chaqueta política xamais desde os 14 aos 73 anos que terei dentro duns días, e que de miliciano cheguei a mandar un Corpo do Exército, estar en desacordo coas formas e prácticas que vostedes teñen de practicar e aplicar os dereitos que, despois de corenta anos, dícese, cambiaron. Vostedes son un exemplo, para os que realmente loitamos por unha causa xusta da democracia e de liber-

dade, do que nada cambiou nesas cuestións, que seguen existindo os gañadores e seguemos sendo os perdedores, os marxinaados. E o feito de que certos excombatentes das Forzas Armadas do campo republicán fagan asociacións con excombatentes do campo chamado nacional, non é máis que unha vulgar tapadería dunha cruel realidade. Nun lado, os das pensións correspondentes aos seus grados militares, as súas feridas, a viudez dos dereitos da familia, é decir, todos os dereitos, no outro, unhas esmolos para algúns, dadas con contagotas, e con insultos en moitos casos, e, para o conxunto, o insulto que o señor Augusto Assia, tan gráficamente expresou co total silencio de vostedes, de que o Exército Popular da República non fomos máis que una "canalla".

Enrique Lister

N. de R. - Esta carta non foi publicada polos devanditos directores, segundo informacións do noso comunicante, motivo polo que nola remesou

da arte e dos xeitos

POR FELIPE SENEN

OS MOINOS DE VENTO

Xa temos aquí verme no corpo que nos fai asociar os moíños de vento coas terras vermelhas de Castela. E non é para menos, esa paisaxe venenos dada polo libro preceptivo na nosa educación de nenos colonizados. Certamente, así é, todos estamos cavilando no "Quijote". Moíños denriba dos outeiros abaneando as súas aspas como arromedando á paisaxe e aos horizontes.

Pois este cadro poidérase dar tamén en Galicia, mais ben deuse, a pesar de que os nosos ollos xa non están afeitos aos moíños de vento. Hai médio cento de anos aínda era fácil ver na cima dos abertos outeiros os moíños de vento. Antre Padrón e Catoira está Abalo, abas do Monte Xaibre. Alí descubrimos os esqueletes circulares dos vellos moíños de vento galegos, eses moíños que inzaron terras de Vascón e Tenorio, que eran frecuentes na mesma península da Coruña. Nos grabados do século pasado descu-

brimos como a Torre de Hércules tiña no seu entorno un grupo de moíños de vento que coas súas carantoñas somellaban que querían ser faros no mesmo día. Espectáculo máis dado nas terras da beiramar que no interior de Galicia, algo que se deixa ver ao longo de toda a costa Portuguesa, onde aínda moven os seus brazos os moíños de vento.

A historia do moíño é moi longa e remóntase astra os primeiros tempos da Prehistoria, cando o home se apañaba para moer cunha pedra chaira e outra circular por denriba, sería ese moíño manual o "de barco". Estribillándose despois outros como o "de roda", sistema ao que se lle aplicara a forza dos animais e logo, en tempos xa medievais, a enerxía da auga e por suposto do vento. A técnica do moíño complicase nos seus terbellos para simplificar o traballo: Construíuse interesantes obras de enxeñería popular, canles, aceas ou mesmamente aproveitáronse as mareas. A enerxía hidráulica ten



bon proveito, o mesmo acontecerá co vento.

Dise que foron os árabes os que polo 1.300 estribillaron estes sistemas de moíñada, non habendo no funcionamento moitas diferencias antre o moíño de auga e o de vento. Somentes as fontes de enerxía son diferentes, variando tamen as construcións, e que o eixo do de auga esta en posición

vertical e no de vento, xeralmente en horizontal.

En Galicia os moíños máis antigos non baixaran máis alá do século XVIII, intre no que se espallan os dous sistemas, e que responde a un momento interesante economicamente xa pola forza e o poder dos mosteiros, da eirexa, dos nobres e dos sabios ilustrados, amigos dos novos sistemas e

polo tanto destes terbellos que tanto comprían para moer o grao.

O esqueleto do moíño de vento é ben sinxelo e ben coñecido, unha torre cilíndrica que non pasa dos tres metros feita de cachote e que no escomenzo do seu tellado deixa furar o eixo capaz de levar as aspas con catro velas de liño. O tellado cónico ou ben a unha vertente, este máis frecuente en Galicia, cuberto con colmo, lousa ou tella, pucho ben característico destas construcións.

O asunto é que de todo isto xa non quedá nada, se acaso o esqueleto. Nen tan xiquera queda a lembranza. Os meniños fíntanse de dibuxar moíños de vento que ven nos libros, ignoran que na súa aldea, ou quizais na súa cidade houbo un grupo de moíños de vento que tamen movían os abanos. Dentro, era fácil atopar ao moíñeiro, aos arrieiros, aos frades, labregos, panadeiros ou tratantes, xentiñas que colaboraron a fiar fio a fio a nosa cultura.

andando a terra

Por MORTAS VILANOVA

O NOME DOS VELLAS BARCOS DA CRUÑA

O vello poeta Francis James, de apostólicas barbas e frauta virxiliana, oxe un tan esquecido e do que ten devoto era o poeta Luís Pimentel, devoción que lle deixou en herdo a este cativo escribidor, ten evocado os vellos -xe vellos no seu tempo- galegos románticos. Lembro, con agarimo e tenrura, unha historia de Francis James que ven no seu libro **O arco da vella dos amores**, na que fala dun barco que se chama o **Amable Elisa**, no que, moitos viaxes pantásticos teño feito nos días da miña adolescencia. Porque ún, forza é confesalo, e aínda ben maxinativo.

O caso é que releendo a Francis James lembreime do vello libro **Historia y descripción de la ciudad de La Coruña**, publicado no ano 1845, un ano antes da Revolución dos Mártires de Carral, e cuio autor é D. Enrique de Vedia y Goossens, un vasco que foi Xefe Político -oxe gobernador civil- da Cruña. O libro foi impreso na mesma cidade na "Imprenta e librería de D. Domingo Puga". Hai unha edición

fascimil recente, do ano 1972, feita polo **Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses**. O libro do señor Vedia é moi completo e curioso. Os grabados da época son unha fermosura. Por este libro enterámonos que no ano 1845 había na Cruña un total de cento doce buques. Os buques que inventaría Vedia son de distintas clases. El divídeos en cinco clases. Os da quinta clase son de construción estranxeira. Un nome que se repite moito é o de "San Antonio e Animas" e tamén o de nomes de santos e de virxes: así o da Virxe do Carme e de Nosa Señora da Pastoriza.

Nos nomes dos buques de primeira clase gostamos especialmente de "El Angel", que era un bergatín-goleta "Hercules", que era un bergatín; "Tránsito", que era unha corbeta "Aguiles", que era un bergatín e "Paquito", que era un bergatín-goleta. Os de segunda clase o cachemare "Victoria" o galeón "Arrogante" e o galeón "El Má". Dos de terceira clase, que eran lanchas de pesca, recolleemos os nomes de "La Rosita", "La Narcisa", "La Tránsito", "La Carmencita", "La Pepa", "La Ris" e "La Tany".

Nos de quinta clase hai nomes como "El Labrador" que levaba un cachemare "El Gallardo", tamén outro cachemare o mesmo que "Desengaño". Había dous bergantís que se chamaban "Joven Enrique" e "Providencia".

En moitos destes nomes hai un eco de romantismo lonxano e desvaído. Un romantismo que amarelea como as follas no outono. Unha das cousas que nos chama a atención é a ausencia de nomes galegos, si escetamos o de Nosa Señora de Pastoriza. De todos xeitos gustaríanos saber quen foi "La Ris" ou "La Tany" e porqué se chamaban así. Tamén nos gustaría saber a razón pola que un cachemare levaba o nome de "Desengaño" e un bergatín o nome de "Joven Enrique". Tamen facemos notar que de toda a relación de buques que nos da o señor Vedia somentes hai un vapor de ferro que se chama "Infante D. Enrique". ¿Este D. Enrique sería D. Enrique María de Borbon, implicado nos comenzos da Revolución Galega de 1846, oficial da Mariña no Ferrol e aspirante a mau, a grosa, visgosa e fofa mau da súa curmá Isabel II?

Tamen nos gustaría saber

que roitas facían eses cachemares bergantís, corbetas e galeos. A que portos irían. Sabemos que no século pasado houbo un gran tráfico entre o porto de Ribadeo e Riga. Por Ribadeo entraba na península un licor daquela moi apreciado, que ten todo o prestixio do romantismo: o famoso kummel de Riga. O transporte fariase en barcos que tiveran tamén nomes románticos, moitos deles deliciosamente cursis, pro que teñen o seu eggado e a súa poesía.

Estamos seguros que moitos destes barcos atracarían algunha vez no porto de Os, "o porto que nunca existiu" e que cantou o pintor-poeta Urbano Lugris. Urbano Lugris sabia moito de barcos e de pantásticas navegacións. Algun vello bergatín lle contou ou confiou as súas lembranzas. As súas vellas e románticas lembranzas que asoballaron os barcos de ferro. Nunha revista que se fixo hai anos na Cruña, que se chamaba **Atlántica**, e que tivo curta vida, quedaron algúns poemas escritos polo pintor Lugris, que era un extraordinario poeta. Entre eles están, e cito de memoria, o **Diálogo del marinero y la sirena** e tamén a **Balada**

del puerto de Os, que moito me gustara. Aínda lembro versos deste poema e a fermosísima ilustración que o propio Lugris fixera prós seus versos. Realmente é moi de lamentar, pro este país no que vivimos é así, que os versos de Urbano Lugris non estean recollidos nun volume. As institucións coruñesas teñen a palabra. Como tamén é incomprendible que, a estas ouzuras, non haxa publicado un estudo sobor da personalidade e a obra do pintor, que ademais era tamén un excelente prosista.

O falar do nome dos vellos e románticos buques coruñeses era inevitable a lembranza a Urbano Lugris. El tiñaos todos na lembranza. E deixounos, na súa pintura, o retrato de moitos deles.

O falar de Lugris tamén se nos ven a lembranza aquela fermosísima dona, escritora romántica, chamada Fanny Garrido e que firmaba co pseudónimo de Eulalia de Lians, nome dunha ferigresía dos arredores da Cruña. E se servidor fora armador de buques, poñeríalle a un barco de seu o nome de Urbano Lugris e a outro "Fermosa Eulalia de Lians".

arredor de nós

por CHAIRA

ENCOL DAS FAIAS

A faia, *Fagus sylvatica*, é unha árbore de casca lisa e branquecina ou griseira que pode chegar aos 35 metros de altura.

Presenta as follas avais e enteireiras, co borde sunuado-dentado, de cor verde claro, e son caducas pois caen tódos os anos.


Namentras as froles masculinas forman ácios, as femininas están de dúas en dúas, e frolecen na primavera.

Esta árbore alcóntrase entre os 800 e 2.000 metros de altura, e precisa de grande humidade atmosférica. Polo feito de mediar en zonas con chans básicos

(calizos) non abonda en Galicia, aparecendo cáseque somentes en certas zonas da provincia de Lugo.

Alá, polas terras do Courel, está A Devesa da Regueira, e penso chegan istes versos de Uxío Novoneira pra ter idea do que pode ser:

Devesa da Rugueira! Bidueiros cimeiros! / Pena das Augas/ Xardois teixos / rebolos tocos faias derrubadas!



Camiño da Veneira! / Carreiro dos dez regueiros! / Cereixas de canabuco abroitas abrairas pincheiras e pincheiras!

Eiquí sempre foi bosco

Ruxir solo / da fonte do corzo! / Barbas do mofo / pingando dos toros!

Nesta Devesa da Rugueira, xa ben coñecida polo pai Merino, a abonda as faias xunto coas rebolas, teixos, xardois, bindeiros, avelaneidas, etc., alcontrándose a alá tamén grande sona entre os veciños, polas propiedades das augas

ANTON TOVAR, POETA DE HOXE

"Arredores", "Non" e "O vento no teu colo" xunto con algúns poemas soltos compoñen a obra de Anton Tovar, un dos poetas galegos de boxe e de sempre. Este home, colmo da tranquilidade, dá pos seus verso unha visión do mundo propia desde unha perspectiva existencial.

A vostede considérase como un poeta intimista. Dise que na súa obra non toca os principais temas sociais de Galicia do noso tempo.....

Eu diría que máis que un poeta intimista son un poeta íntimo, como todos os bos poetas. Se os temas da poesía non están íntimamente sentidos polo poeta a poesía é falsa. Polo tanto, neste senso, toda boa poesía é íntima, incluíndo a social. Coido que o poeta ten de ter liberdade para escoller os seus temas e as súas teimas. Certo é que eu non fixen poesía política sistemáticamente senon nalgún verso solto. Esto non quere dicir nada, máis recoñoo.

¿Cal pensa que é a función do poeta na sociedade? Se é que ten algunha específica....

Penso que a misión é mínima porque por moito que se empeñe non da chegada ás masas, quedase nunha certa influencia entre minorías cultas que por outra parte xa estaban no campo político galeguizante. O poeta pode axudar á xente desa minoría a comprenderse a sí mesmos, a sentirse expresados por boca do poeta dun xeito ou doutro.

Aparte de escribir poesía, polo seu traballo nunha librería ourensá vostede coñece a realidade do libre galego. ¿Léese vóndese hoxe a literatura galega?

Véndese moito. Ten un público adito que medra bastante. Claro que, como lle pasa ás restantes materias de lectura sempre resulta ser un público minoritario. Máis dentro deste público a venda do libro galego vai en cabeza.

Sobradamente coñecidas son as súas obras por Portugal, pobo ao



Foto REZA

que vostede chegou mesmamente a adicar algúns poemas. Hoxe en Galicia hai un problema de normativización do idioma: ¿vostede é lusista?

Bueno, eu son galego e como galego coido que por arriba dos balados e fronteiras políticas ten de achegarse a literatura galega á portuguesa; son irmáns e dalgún xeito o escritor galego en vez de ter na súa biblioteca milleiros de libros en castellano debora ter esos milleiros en portugués porque é unha norma de hixiene mental que o escribir en idioma galego necesita vivir intelectualmente no campo literario noso, galego-portugués. Hai que fuxir de Madrid todo o máis que se poida.

Falemos agora de poesía en xeral. A tradición poética galega é moi grande e rica. Astra díxose que a nosa poesía tiña unha hexemonía sobre a literatura. Máis hoxe afirmase que os prosistas abundan máis e teñen máis calidade, que a poesía galega perdeu esa digamos hexemonía. ¿Vostede que opina ao respecto?

Como poeta defendo á poesía e aos poetas e non é unha defensa injustificada. Hai varios nomes de mozos con libros xa publicados que xustifican unha opinión optimista. E logo hai a poesía de autores que non son tan novos

que aínda teñen unha boa poesía; xa veremos cando saia.

Por certo, a que se debe que hoxe máis ca nunca a xente se esqueza da poesía con verso clásico e se adique á poesía con verso libre e formas experimentais?

Eso xa ven de tempo. Logo dos simbolistas que xa encetaron o verso libre. Por outra banda non hai que quedar-se como papós ante este feito. Teñamos en conta que a rima non existía na literatura latina, por exemplo, é unha invención medieval en certo modo. Ou sea que, o único que nos pode asombrar en certo modo é un pouco o xeito de escribir en versículos por exemplo no verso libre propio, que de todos xeitos ten un ritmo interior e segue a ser poesía.

E para rematar, é obrigado cando se fala cun poeta falar de proxectos. ¿Cais son de Anton Tovar?

Está en mans dunha editora un libro meu que se titula "Calados Esconxuros" e sairá moi pronto á rua. Teño escrito algúns poemas máis e gostaríame escribir teatro máis non sei se seré capaz diso.

Será. Seguro.

X. GÓMEZ

MUSICA

MARIA DEL MAR BONET, EXCELENTE PROFESIONAL

María del Mar Bonet é unha figura pouco característica no mundo da música funcional ibérica xa non pola calidade do seu espectáculo senón polas características do seu aprendizaxe xunto do folclorista Llorenç Galmés, da soprano María del Carmen Bustamente e do director-compositor Antoni Ros Marbá. Nun medio no que o diletantismo é a medida de profesionalidades adqueridas por circunstancias extramusicales cando non polo oportunismo mais simplón, atoparnos cunha cantante que amosa ter criterios na selección dos temas, nas armonizacións deste e na presentación escénica, non é pouca cousa.

O instrumento vocal da Bo-



Foto XURXO FERNANDEZ

net non é especialmente bon, ten unha extensión curta, un trémulo desagradábel nos agudos e carece de graves. A fermosura da súa cor non chega para facermos esquecer estas limitacións importantes; mais, a selección do repertorio, o fianzamento nun estilo e outros parámetros serven para paliar as limitacións instrumentais. Amais, a súa musicalidade, a seguridade ao cantar, a corrección na emisión, a adaptación perfecta do seu xeito de cantar á fonética catalana, xunto coas virtudes interpretativas, posibilitan a transformación de Bonet nunha cantante de alta calidade e unha das artistas mais atractivas do medio da música funcional.

A súa aprendizaxe musical e o seu interés pola herdanza islámica na música popular mallorquina teñen configurado o seu xeito interpretativo ao grao de introducir modulacións nas frases cando tenta cantar obras que non proceden da súa cultura e ese é un grave condicionante, se ben podemos esquecer a súa fenomenal interpretación — criticada negativamente por un feixe de xordos — da "Aguila negra", unha belida canción de Bárbara. Interesoume, nese sentido a interpretación de "Jotas" e "maiteixas" por introducir este tipo de modulacións que, en teoría peléxanse con este tipo de ares. Aínda que o meu coñecemento do folclore das "Illes" é limitado, teño que indicar que a documentación que poseo, rexistra esas ondulacións incorpora

uas a súa música importante hai cen anos. Un fenómeno parecido rexístrase cando canta "habaneras" — que teñen unha grande importancia cultural na música catalana — e aquí si que se trata dun defecto a modulación substituíndo aos adornos típicos destas simpáticas cancións. Este defecto acentúase cando interpreta outros tipos de cancións. E do mais elemental sentido común que a solución é non prodigar as cancións fora do estilo e isto é o que fai María del Mar Bonet.

Na súa xira galaica fixo un espectáculo baseado nos acompañamentos con instrumentos de corda pulsada, moi apropiado para as influencias arabizantes da súa música. O acompañante, Lautaro Rosas, non sendo un gran guitarrista, sí é un moi bon músico de acompañamento sempre atento ás necesidades da cantante o que garantiza bos resultados como os obtidos. A personalidade da Bonet amósase na escea incluso no distanciamento imprescindible co público — revelado en Santiago a raíz dun incidente provocado por un grupo de cantamañanas — que actúa como elemento positivo no espectáculo.

Foi pois unha visita dunha excelente profesional que amosa que a linguaxe da sencillez é válida para crear un espectáculo agradábel e interesante. Tamén para que se escriban infinidade de tonterías nos medios de difusión. Que a Bonet sexa fermosa, e o é, non é unha característica musical nen valoriza a súa obra. A Bonet non fai investigación folclórica, incorpora a música popular ao seu linguaxe funcional. Que unha artista como Bonet veña a Galicia é unha boa nova xa que significa o disfrute dun espectáculo importante, pero non implica a grande trascendencia que se lle quiso dar as veces. O día do seu concerto compostelán estrenábase con carácter absoluto o "Cuarteto de madeiras" de Bal y Gay, o que significa que foi un gran día para a cultura galega aínda que a prensa non se enterara. A NOSA TERRA publicará na próxima semana un estudo de Margarita Soto sobre esta obra.

XOÁN M. CARREIRA

AXENDA

BECA MUSICAL

1 SEMINARIO INTERNACIONAL DE JAZZ BANYOLES/ 1980. O Taller ofrece becas de 15.000 para músicos que desexen asistir ao Seminario, a celebrar en Banyoles (prov. de Girona) do 26 de maio ao 8 de xunio. Interesados dirixirse a Taller de Músicos, C/ Cendra-21-baixo porta 3, Barcelona-1. T. 93-3295667. As reservas de matrícula e beca atenderense por rigorosa orde de petición. A data de inscrición, por outra parte, queda prolongada deica o 30 de Abril.

MOSTRAS

JAZEH TABATABAI. Diputación Provincial. Lugo.
XOSE LODEIRO. Pinturas. "Banco de Crédito e Inversiones", Praza do Ferrol. Lugo.
LUGILDE. Súa "Novo Arte". Santiago.
LUIS SEOANE. Grabados en madeira; Deica o 26 de Abril. Torques. Santiago.
RAIMUNDO PATIÑO E XAQUIN MARIN. Do 21 ao 30. Sá de

Móstras da Caixa de Aforros de Galicia. A Coruña.

LAURA LUZ ALVAREZ. Esculturas e intaxas. Sá de Actos do Ministerio de Cultura. Santiago.



XAVIER POUSA. Dibuxo. Estímulo. Santiago.

MANUEL FACAL. Retratos de Rosalía. Auga fortes. Sargadelos. Santiago.

ACTOS

PRESENTACION do libro "LA GAITA Y LA CORNABUSA", de M. del Carmen Novoa González. Vernes 18, ás 7,30 do serán, na Galería Sargadelos. Santiago.

"PORTUGAL DIANTE DA CEE", conferencia de Armando Castro, ás 7,30 do serán no Salón de Actos da Facultade de Medicina. Día 18. Dentro das "Xornadas Socioeconómicas ante a ampliación do Mercado Común", que organizan as Comissões Culturais de ERGA da Facultade de Económicas. Santiago.

GALICIA DIANTE DA CEE, por Xan Carlos Carreira e M. Carmen García Negro. Día 22, ás 12 da mañá, na Aula A da Facultade de Económicas. Dentro do mesmo ciclo. Santiago.

O PROCESO CULTURAL GALEGO. Proxección de diapositivas por Xosé Lois García. Dentro das "Xornadas Galegas" que organiza o grupo "Nós" de Sabadell na "Academia Bellas Artes". Día 19, ás 19 h. No mesmo acto, fallo do Concurso Xuvenil de Dibuxo e Pintura. Sabadell.

CRISTINA PERI ROSSI, xornalista e escritora. Dentro do ciclo "A muller e a verba, entre o mito e a sociedade". Día 18, ás 8 da tarde, no Ateneo. A Coruña.

FOTOGRAFIA "A GALICIA VIVA". Mostra do 19 de Abril ao 1 de Maio o grupo "Frouxeira", do grupo "Nós", do galo das "Xornadas Galegas". Sabadell.
"A GALICIA VIVA" NOS DIBUXOS DE CASTELAO, conferencia por Yolanda Díaz Gallego. Día 20 ás 12 h. Mesmo ciclo, mesmo lugar. Sabadell.

DISCOS

Piotr Illich Tchaikovsky. — 5 SINFONIA EN MI MENOR Op. 64. Philharmonia Orchestra London. Director. — Otto Klemperer. Sonido. — 8 Interpretación. — Magnífica. A sinfonía en mi menor é unha obra mediocre dun compositor que raras veces superou a mediana. Por razóns arropintas, Tchaikovsky é un compositor moi difundido e simbo-

za moitos aspectos da deseducación musical. Nesta ocasión temos que admirar a interpretación abrumadora de Klemperer que nos permite admirar un pleno dominio da orquesta.

CINE

"¿POR QUE PERDIMOS LA GUERRA?", de Galindo e Santillán. Española. Día 18, ás 10,30, no Cine Avenida. Cine-club Marín.

QUE EMPECE A FESTA, de B. Tavernier (1975). Francesa. Día 18, ás 10,30, na Casa da Cultura. Cine-club "Padre Feijóo". Ourense.

"L'HERIERE D'ETE", de J. Grémillon (1943). Ciclo R.F. a N. Día 22, ás 8 na Casa da Cultura. Cine-club "Padre Feijóo". Ourense.

RECITAIS

ALAN STIVELL e MILLADORO. Unica actuación en Galicia do cantante bretón. Día 20, domingo, no Pazo dos Deportes. Pontevedra.

curso de lingua

Vinteunha

X. M. DOBARRO PAZ
M.P. GARCIA NEGRO

MANUEL ANTONIO

Sos
Fomos ficando sos
o Mar o barco e máis nós
Roubaron-nos o Sal
O paquebote esmaltado
que cosía con liñas de fume
áxiles cadros sin marco
Roubaron-nos o vento
Aquel valeiro que se evadeu
pola corda floxa d'o horizonte
Iste océano desatracou d as
costas
e os ventos d'a Roseta
orientaron-se ao esquenzo
As nosas soedades
veñen de tan lonxe
como as horas d'o reloxe

Pero tamén sabemos a manioobra
d'os navios que fondean
a sotavento d'unha singladura
N-o cuadrante estantio d'as es-
trelas.

ficou parada esta hora:
O cadavre d'o Mar
fixo d'o barco un cadeleito
Fume de pipa Saudade
Noite Silenzo frio
E ficamos nós sos
Sin o Mar e sin o barco
nós.

Con Manuel António (1900-1930) inaugurábase de certo unha nova etapa na nosa literatura. Manuel António pertence a esa xeneración de escritores, nados a comezo de século, que tratan de superar os modelos literarios do XIX (...chegaremos a coïdar sinón fracasado pol-o menos de remota eficacia o actual movemento rexurdente na Galicia si non se consegue un troque radical no aspecto d'a nosa literatura", di no Manifesto "Máis alá", firmado conxuntamente co dibuxante Alvaro Cebreiros en 1922) e de crear unha literatura gale-

ga nova, acorde coas novas vivencias, os novos problemas e as novas fórmulas literarias. Manuel Antonio, como outros mozos da súa idade, quería poñerse ao día en todas as novas correntes estéticas que circulaban por Europa; é o momento de floración dos "ismos" e Manuel António mesmo solicita a Vicente Risco axuda e información para o seu coñecimento. Risco orientao, mais tamén deixa claro que "...hoxe, os galegos, escribindo o noso idioma, principiamos a nos abrir camiño no mundo sen necesidade de andar buscándolle cinco pés o gato con "ismos" de ningunha clase" así como que "...o que os tradutores han estimar da nosa literatura, pois iso é o que ha ter novidade para eles se nós fagüemos cousas boas, chegarán a imitar..."

Manuel António debou de seguir estes consellos, pois, se ben ten influencias de Huidobro, o ser creacionista está sempre adaptado á nosa realidade e moi de acordo cos seus sentimentos galeguistas. O seu empeño en renovar a literatura galega e poñela á altura das outras literaturas europeas non é "pose" senón sincero desexo de normalizar esta expresión cultural e dinamizala, abrindo novas canles ao idioma. Son moi significativos neste sentido os seus ataques

aos escritores "híbridos" ("bífidos", diríamos hoxe): "Algun d'ises escritores híbridos, bilingües queremos decir, que fai da literatura algo así como un deporte que favorece a dixestión, arrecada o galego cada vez que quer decir unha estupidez moi grande, reservando o castelán pra cando coïdan ("eles") que están en razón"; e tamén unha séria defensa da nosa lingua que se repite ao longo do manifesto: "A nosa fala é nosa. Pospola a outra calquera, é unha forma do suicidio", así como a súa coherencia no uso regular do idioma nuha actividade como a correspondencia (cartas de Manuel António a Dieste, Castelao, Taibo, Villar Ponte, Quintanilla, Cebreiro, Risco, etc.).

Esta defensa do idioma pasa no terreo da lingua escrita por unha forte teima diferencialista, porque se sentia moi clara a ameaza do español e entendíase — como un mecanismo de defensa — que se debía afastar o galego escrito o máximo posíbel da lingua dominante. Explicitamente o viu o autor cono dicio que "unha d'as cousas que máis me fan odiar todo o castelanismo é o lento asesinato que comete con todo o noso, e cuio exempre máis patente é a fala".

Comentemos agora algunhas cousas da lingua do Manuel António. No

paradigma do perfecto do verbo *ir*, escolleremos para a cuarta persoa a mesma forma que aparece no poema; ficará, polo tanto: fun, foches, foi, fomos, fostes, foron. En *áxiles*, substituíremos hoxe a terminación do plural collida do español pola terminación adapta ao noso idioma: *áxeis*, pois. O mesmo diríamos da forma *floxa*, que debe ser *frouxa* ou *singladura*, que é *singladura*.

Océano e *ourentáronse* son dous casos claros de hiperenxebriamos diferencialistas, o emprego dos cales por parte do poeta xa quedou explicado máis arriba. *Océano* e *orientáronse* serían as formas correctas. *Esquenzo* é sen dúbida forma feita a partir do español "olvido"; *esquencimento* é, en cambio, a solución propia da nosa lingua. *Silenzo* quer ser a restauración moderna — por vía literaria — do primitivo *seerço* galego-portugués, máis xa en 1414 atopamos nun texto protugués *silenço* (recuperación da forma latinizada) e é, pois, a forma que usaremos hoxe: *silenzo*.

E reparemos finalmente no acento diacrítico do *nós*, pronome tónico, que marca a diferenza co átomo: "Fomos ficando sos / o Mar, o barco e máis nós", frente a "xa *nos* deron o aviso" ou tamén *nos* viron eles".

CARTAS

ENCOL DUN DEBATE

Estimada Directora:

Lendo no número 100 de "A Nosa Terra" o reportaxe "Cuestión autonómica, cuestión bipolar" experimentei unha notable sorpresa por un feito que, penso, xustifica as presentes liñas.

¿Por qué a sorpresa? A razón é ben sinxela: non chego a comprender os criterios utilizados para invitar a un debate encol da autonomía a determinadas forzas políticas, excluindo ao mesmo tempo a outras (entre elas, ao partido no que milito, o Movemento Comunista de Galicia).

Nun principio pensei que se trataba dunha selección feita en base ao criterio da presenza institucional. Rexeitei tal posibilidade porque o espectro político invitado non cadraba con tal premisa. Nen todos os grupos invitados teñen representación no Parlamento Español polas "circunscricións" electorais correspondentes a Galicia (requisito que somentes cumpren CD, UCD e PSOE) nen figuraban todas as forzas políticas con representación nos Axuntamentos (pois non estaban partidos como o PSG, PTG e MCG que temos presenza en tais institucións).

A selección resulta aínda máis sorprendente se facemos caso do que se di no limiar do devandito reportaxe. Afirmase ali a intención de ofrecer aos lectores de "A Nosa Terra" unha panorámica da cuestión autonómica na boca dos diversos protagonistas políticos que actúan sobre a mesma. ¿Cómo conseguir tal obxectivo sen a presenza física de **todas as posicións políticas** que deixaron ouvir a súa voz durante estes anos na loita política do País? ¿Pode ter un lector ou unha lectora, en tais condicións,

unha **idea completa** da pluralidade de política existente na nosa nación? Sinceramente penso que non. O obxectivo era bon e non pode merecer máis que o aplauso. Agora ben, o resultado non resposta á boa vontade expresada e convírtese obxectivamente nun traballo unilateral, incompleto, parcial.

Eu non pido que "A Nosa Terra" compartá as posicións políticas do MCG. Pregunto, unicamente, por qué non se invita ao MCG e a outras forzas, por que se considera "de facto" que as posicións do meu partido sobre a autonomía non merecen ser coñecidas polos lectores do semanario.

¿Será que o MCG ten unha entidade electoral reducida que fai del un "grupello" sen incidencia no xogo político e desprezable a efectos do traballo informativo nun periódico como "A Nosa Terra"? Sempre pensei que vos non aceptabades os resultados electorais como "lei suprema" informativa para tratar aos grupos políticos. Sempre considere que esta práctica propia da prensa de dereitas non tifa cabida nas páxinas do voso periódico. Quero pensar que estaba no certo; a pesares de que o reportaxe que estou comentando fíxome ter máis dunha dúbida ao respecto.

Non se trata de facer partidismo barato nen de saír nas páxinas de "A Nosa Terra" por un "prurito" de figurar entre o espectro político. Trátase de ser respetuosos coa realidade. Porque ¿non vos parece chocante que non estea invitado un partido como o MCG que, xunto coas organizacións que integran o BNPG (UPG e ANPG), e a única forza que edita mensualmente un voceiro -o "Galicia en Loita"- que vai xa polo número 48 e que ten moitas páxinas adicadas ao tema autonómico?

Sen outro particular, recíbe un cordial saúdo e a miña felicitación particular por ese cumpleaños centenario do periódico que dirixes.

Fdo. Xesús Vega Buxán
Membro do Cte. Nacional do MCG

O NUMERO 100, UN PRINCIPIO

Queridos e estimados traballadores de A NOSA TERRA:

Somentes catro palabras para vos facilitar pola labouira que estades a facer. Quixera que o número 100 non fora máis ca un principio e non unha colaboración deste periódico da nación galega. Se hoxe me dixeran: "E o 50 cabodano de A NOSA TERRA", daquela xa cáseque podería morrer tranquilo. Non penso que falo de máis, pero que me dirían vostedes se lles digo que alá polo ano 73, estando eu en Barcelona no Baile dos Galegos, cando os músicos tocaban a gran "Alborada Galega", pois saltáronme as bagoas e case collo o tren de volta pra Galicia.

Xa sei que os galegos somos moi ignorantes, pero tamén sabemos de quen é a culpa. Hai dous anos que sôn lector e suscriptor de A NOSA TERRA, pero creo que foi onte cando un compañeiro me dixó: "A ti moito che gusta o noso país, pois o que debes de facer é suscribirte a A NOSA TERRA, que é onde podes ler o que acontece na nosa Galicia, que Dios sabe ben que algún día será ceibe e popular.

Amigos de A NOSA TERRA, non sôn moi bon escritor, pero quixera que estas letras fíxeran algo pra que vos deran ánimos pra traballar como xa tedes ben demostrado. Sen máis, unha aperta a todos, e un saúdo nacionalista deste compañeiro.

Arrua:

PORTO DO SON.

COLABORADOR, PERO SEN SOLDADA

Querida Directora:

Contesto á carta aparecida en "A NOSA TERRA" (no número 98, páx. 19) e que firma F. Xavier Costas. Nela, ao referirse á miña persoa, decateime dun erro que quixera enmendar: Di o citado Sr. Costas, ao falar dos posibles méritos que Xoan Manoel Carreira me atribue na súa crítica ao cantautor Lluís Llach, o seguinte: "Villanueva, en fin, é o seu traballo, non olvidemos que a súa nómina parte do Vicerectorado de Extensión Universitaria (sección musical) da Universidade de Santiago". Teño que lle decir ao Sr. Costas que a miña nómina é como P.N.N. da Facultade de Xeografía e Historia (sección Arte), Seminario da Historia da Música, onde traballo ás ordes do P. López-Calo. Todos aqueles traballos de colaboración

que realizamos para o Vicerectorado, tanto na sección de Música, como na de Cine ou Teatro, non estan retribuídos, entre outras cousas porque, como profesores contratados que somos con adicación exclusiva, non poderíamos recibir dúas pagas. Por tanto, direille ao mal informado Sr. Costas que eses labores de organización que cita (Coro Universitario ou Mostra de Instrumentos Artesanais Galegos), dentro do Vicerectorado, sôn colaboracións que me honran pero polas que non recibo nen un pataco.

Finalmente, teño de engadir que o Sr. Costas cai no mesmo erro que X.M. Carreira no citado artigo, ao misturar na súa polémica a persoas que nada temos que ver con ela.

FDO. CARLOS VILLANUEVA

ANUNCIOS DE BALDE


Moeda de Isabel II, 0,50, co bre, en bon estado. Interesados adquisición escribir ao apartado 1031. Santiago. Ref. ADB.

Busco a "Crónica Troyana". Se alguén a ten e non vende, estimaría o seu empréstamo para fotocopia. Darío Xohán Cabana. Escribir a Lamas de Prado-9-2. Lugo, ou a este periódico, Troia-10-1. Santiago

Intercambio pegatinas ou adhesivos de toda caste: políticas, sociais, ecoloxistas, feministas, etc, con xente doutros puntos de Galicia ou do Estado. D.E.P.G. Apartado de correos 1125. Santiago

Són afeizoado á mineraloxía, e coñezco a riqueza mineral do voso país. Estimaba tomar contacto con afeizoados galegos para intercambio de minerais. Iñaki Uriarte Arambilet. Iturrubide-100-2-B. Bilbao-6.

Estimada recibir información da revista (trimestral, semanal, mensual) "O Ensino". J.R. Rodríguez Fernández. Boltaña-20-3-A. Madrid



¿Cómo foi a concentración?

SOLUCION NO NUMERO PROXIMO

0831-1184-831-1301-1

A NOSA TERRA

O OUTRO ASPECTO DO PETROLEO

Son moitas as aves que atravesan as nosas águas costeiras e nelas pousan e buscan mantención. Como todos os seres vivos, como nós mesmos, estas aves precisan un medio limpo e resultan grandemente perxudicadas por todas as substancias alleas aos ciclos naturais. Un dos exemplos clásicos de contaminación do ambiente, e que tantas repercusións pode ocasionar ó propio home (por alimentación posíbel con produtos contaminados, por perdas de tipo económico, etc.) é a contaminación por petróleo, que por desgracia tocounos coñecer nos derradeiros anos.

Por sorte para nós, Galicia é un país con moitos quilómetros costeiros, e o mar é desde sempre motivo de queixas, modelador do noso clima e vexetación, e fonte de proteínas, proteínas que comencan a diminuír (véxase o problema da merluza), que poden levar substancias tóxicas, chumbo, mercurio e outros procedentes de residuos industriais, urbanos e do tráfico. Ese mesmo mar proporciona tamén proteínas, abrigo, e é o medio imprescindible para centos de seres. Así, cando suceden desastres como o do Erkovik, do Polycommander, do Urquiola (teñámolos todos na mente), cantidades importantes de produtos alleos aos ciclos biolóxicos, fan a súa aparición súbita causando danos, danos non sempre visíbeis, espectaculares, pero non por tal, menos perxudiciais.

No caso dos derrames de petróleo, tanto se este se "dispersa" ou se afonda con deterxentes e produtos químicos, como se chega ás costas, son miles de miles, os seres que morren. Ao gran público chega a imaxe das praias aceitadas ("¿Podemos bañar onde antes?"), a prensa e a TV. falan das indemnizacións ós mariscadores, empeñándose en mostrarnos como a marea negra é combatida, solución que non soluciona, non deixemos que nos enganen, pois a un elemento alleo ao medio mariño, o petróleo, engádeselle outro, o dispersante, tamén alleo, e como o primeiro, tamén nocivo, para os seres que viven neste medio natural que é o mar.

¿QUE PASA COAS AVES?

Os vertebrados todos, que están no cúmio das cadeas alimenticias (aves, mamíferos mariños, peixes, o mesmo home), resultan moi perxudicados. No caso por exemplo dos arroaces, cando saen a respirar, se atravesan unha gran mancha de petróleo, este pódelles penetrar polo espiráculo, asimesmo a súa delicada pel queda parcialmente cuberta polo aceite, que impide o seu normal funcionamento, podendo tamén penetrar no seu interior pola boca, xa directamente, xa por alimentarse de peixes contaminados. As consecuencias varían podendo chegar á morte do animal. Igual sucede coas aves: mascatos, araos, corvos mariños, diversas especies de patos, carráns, paiños e gaivotas, ben coñecidas todas elas polas nosas xentes de mar, morren anualmente por esta causa, aparecendo logo nas praias, **non sómentes con ocasión dos accidentes graves**, eses que teñen resoancia na prensa, senón tamén por causa de actividades máis insidiosas, máis raposeiras, menos explicadas ao público, que son as limpeza dos tanques dos petroleiros dos residuos de crudos, limpeza que se pode facer de dúas formas: unha, no porto, en instalacións axeitadas para tal fin; outra, en pleno mar. Naturalmente a primeira implica un gasto que non ten a segunda, polo que a compañía, á que trai sen coidado a contaminación e si o conseguir bons dividendos, para os accionistas, recorre ao segundo sistema mencionado, e limpa os tanques en pleno mar, fronte ás nosas ou outras costas.

Da importancia de tal operación desde o punto de vista da contaminación que causa, dan idea estes datos: calcúlase que en cada transporte queda nos tanques un 0,04 por cento que vai parar ao mar o facela faena explicada; tomando como referencia o ano 1964, no que o transporte mundial de crudos foi de 750 millóns de toneladas, a conclusión é que o total verquido no mar desa forma inconsciente e rutinária foi de 3 millóns de toneladas, cantidade moi superior á derramada por barcos accidentados. Considerando que o tráfico foi en aumento, imaxínese o lector como está o mar, logo de recibir tais cantidades de petróleo (que por outro lado se desperdicia) **anualmente**. Con razón Thor Heyerdal, cando atravesou o Pacífico na Kon-Tiki atopou por doquier en pleno océano, no océano máis grande, lonxe das rutas comerciais do tráfico mariño, manchas de aceite. Estamos envelenando o noso mundo e non nos decatamos que o

mesmo causante da morte desa ave morta na praia, é unha ameaza, un perigo real para nós.


Ese petróleo procedente da limpeza dos petroleiros é o coñecido e molesto chapapote que en forma de bolitas pequenas, incluso como pelotas grandes, invade as nosas praias, emporcando todo o noso litoral. Tal contaminación sufrimola todos, o mariscador, o veraneante e os outros seres vivos. Mentras que mediante subvencións o Goberno pode axudar ás persoas perxudicadas con ocasión dunha marea negra, mentras que tamén se pode limpar as praias, aos animais mortos non hai subvención que os salve. Nen xiquera hai subvencións que axuden aos individuos que sobreviviron para que a especie se recupere.

¿COMO SE EVALUAN OS DANOS?


Xa en 1975, con ocasión do desastre do Jacob Maerks o Grupo Ornitolóxico Galego realizou un estudo consistente en recorrer as praias afectadas, comprobando a mortandade causada nas aves polo petróleo. No "Informe sobre las aves marinas afectadas por el Andros Patria en las costas galegas del 3 al 21 de enero de 1979" publicado na revista "Braña" da Sociedade Galega de Historia Natural, dise textualmente: "...podendo comprobar por primeira vez a contradición entre as noticias oficiais que afirmaban que a marea sería controlada... e a verdadeira realidade". Trátase pois, do primeiro estudo deste tipo realizado na nosa terra. Estudos semellantes fanse en diversos países europeos, e logo do reseñado vese o interese de proceder a sistematizar estes censos de aves petroleadas, a fin de poder contrastar os resultados, polo que a C.O.D.A. precisamente neste ano de 1980 organiza un novo conxunto, que se repetirá periodicamente, en todo o estado español. Entre os datos que se toman, están tamén algúns relativos ao estado das praias; por suposto, como calquera pode comprobar, a situación do noso litoral da idea clara do desinterés da sociedade en xeral cara ao medio natural. En calquera praia atópanse moitas de obxectos diversos: botes de lata, pelotas, casca de pino, caixas, corchos, cepillos, botes de lexia, zapatos, bolsas de plástico de diversos tamaños (¿cando nos darán no comercio bolsas de papel, non plásticas?), botellas (que os inconscientes rompen para que alguén se corte), envases de todas formas e tamaños, restos de aparellos de pesca e un longo etc. Unha porcada. E entre todo, aquí e acolá, un ave morta, unha ala, unhas plumas. No conxunto deste ano, sómentes en Corrubedo e sen haber marea negra, atopamos 15 aves de catro especies distintas. Con ocasión do accidente do Andros Patria calcúlase que a mortandade pudo chegar ás 10.000 aves. Sirva a enormidade desta cifra para concienciar **do outro aspecto**, quizais menos coñecido, dos derrames de crudos. Recordemos que en Galicia xa foron varios os accidentes deste tipo e pensemos que Galicia está nun dos lugares máis perigosos do mundo en canto a posibilidades de mareas negras. Vendo o dibuxo adxunto hai catro zonas onde xa houbo diversos accidentes: mares próximos a Arabia (5), Sudáfrica (7), costa estadounidense (9) e costa europea (11). Véxase a nosa situación, a nosa probabilidade estadística de contaminación considerando que o groso do tráfico mundial cruza fronte a nós.

Logo do exposto, quixeramos saber: ¿Que pasa coa lexislación relativa ó tráfico de petroleiros que diariamente cruza fronte ás nosas costas? ¿Estamos preparados para unha actuación pronta, eficaz, non perxudicial para o medio, para os seres vivos? ¿Investigase neste senso? ¿Tense en conta a posibilidade de accidentes ou só nos acordamos cando sucede algo, co que todo queda en moita palabrería? ¿A quen corresponde ver o asunto da limpeza dos tanques dos petroleiros, para que se faga en lugares axeitados evitando esa forma de piratería que supón contaminar conscientemente o noso mar? ¿Por que parte das indemnizacións que se perciben polas compañías de seguros que cubren os barcos que se accidentan, non se destinan á defensa e recuperación da moi perxudicada fauna?

Rematemos indicando que en 1948 o profesor Bernis nos seus traballos encol das illas Sisargas estimaba unha poboación aniñando de 600 araos; os últimos censos debidos aos meus amigos ornitólogos Xoan R. Silvar e Andrés Bermejo dan unha poboación de **vinte** araos criando. Cando vostede bote gasolina no seu coche, pense por favor, neste outro aspecto do petróleo. Pense e **actue** para evitar no posible que tantos seres vivos sean perxudicados.



* Densidade de tráfico de petroleiros e situación dos principais accidentes.



* Accidentes de petroleiros nas costas galegas.

PATIÑO